

vilalba

O Concello inviste un millón de euros na reforma da casa consistorial. **Pax. 2**

as pontes

Acolle un ano máis as xornadas micolóxicas *As Pontes Terra de Cogomelos*. **Pax. 7**

friol

O Concello executa dúas obras viais por valor de 80.000 euros. **Pax. 10**

guitiriz

O Concello creará un punto limpo fixo de módulos prefabricados de formigón. **Pax. 14**

castro de rei

Instalan parques biosaudables nas parroquias de Ludrio e Dumín. **Pax. 18**

Todo un mes En Negro

O 25N conmemórase o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres con numerosas iniciativas sociais e institucionais



Melloras do Centro Sociocultural

A Deputación inviste nas reparacións e rehabilitacións no local do Concello de Meira. **Pax. 23**


A Deputación presenta os orzamentos

Avanza no Parlamento que ascenderán este ano a 110 millóns de euros. **Pax. 26**

Concienciar aos novos sobre o medio natural

A Asociación Muíño de Barxa leva aos colexios unha mostra sobre a Reserva da Biosfera. **Pax. 27**

Poxa de Gando Frisón



Friol celebrará a primeira edición da poxa de gando vacún de leite. **Pax.10**

VII Feira do Mel



Muras acolle un ano máis a súa doce cita gastronómica. **Pax.13**

Invernada de Cine



A casa escola de Cabreiros volve ser sede este outono. **Pax.19**



LA DMAE* É A PRIMEIRA CAUSA DE CEGUEIRA EN MAIORES DE 65 ANOS

DETECTALA A TEMPO É CRUCIAL.

*Dexeneración Macular Asociada á Idade.

SERVIZO DE RETINOGRAFÍA

NOVALUX
óptica & centro auditivo

☎ 982 510 100
☎ 981 451 504

Plácido Peña, 9. Vilalba,
Avda. de Galicia, 91. As Pontes.

Pablo Nogueira gaña o sexto premio Agustín Fernández Paz



O auditorio vilalbés acolleu o fallo do VI Premio Agustín Fernández Paz de literatura infantil e xuvenil pola igualdade, que recaeu no escritor e mestre Pablo Nogueira Campo pola obra Ringo. Memorias dun ceollo fedello. Este premio está organizado polo Iescha, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais e ten unha recompensa de 3.000 euros

e a publicación da obra gañadora. O fallo deste ano deuse a coñecer durante a celebración de entrega do premio do ano 2021 a Lois Pérez pola súa obra A gruta da torre. O xurado desta edición estivo formado por Manuel Bragado, Fina Casalderrey e o propio Lois Pérez que, por unanimidade recoñeceron esta obra.

Vilalba conta cunha nova zona de lecer na rúa Emigración

Finalizaron as obras dunha nova zona de descanso e lecer na rúa da Emigración, unha nova actuación dentro da aposta municipal por humanizar o casco urbano con proxectos nos que se prioriza a sustentabilidade. Neste espazo, acondicionouse unha pequena praza mediante a ampliación das beirarrúas. Utilizaron adoquín de xunta aberta, máis sostible e que permite a drenaxe de auga. Hai tamén unha zona axardinada, prantáronse acacias e o novo espazo de descanso conta con 16 focos con tecnoloxía LED de baixo consumo.



Todo o mobiliario instalado é dun material sostible e conta con certificados FSC e WRAN, avalados internacionalmente e garantía de sustentabilidade e respecto medioambiental.

O Concello inviste un millón na reforma da casa consistorial

O Concello de Vilalba conseguiu unha subvención do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a través do Programa de impulso á rehabilitación de edificios públicos para as entidades locais (PI-REP local), para levar a cabo as obras de rehabilitación integral da casa consistorial.

Con esta axuda, que o goberno só destina a edificios públicos municipais, o edificio do concello será accesible e funcional para os veciños, eficiente desde un punto de vista enerxético e actualizado. O custo das obras supera o millón de euros e a subvención ronda os 950.000 euros. “Estamos moi satisfeitos porque presentáronse máis de 1.200 proxectos para estas axudas, con cargo aos fondos Next Generation, e o proxecto de Vilalba quedou valorado no posto 64”, explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas.

“Eliximos a casa do concello porque é a que cumpre todos os requisitos e parámetros esixidos, están primando nestas axudas os edificios municipais que prestan servizo a cidadanía e demandan unha serie de condicionantes no exterior e no interior que outros inmobles de Vilalba non teñen”, engade Fernández.

Trátase dun inmobile de máis de 3.000 m² con máis de 40 anos de servizo que necesita unha renovación.

Ante esta situación, o Concello elaborou un proxecto que propón unha actuación integral que transforme o edificio cara a un consumo enerxético case nulo, habilitándoo ademais



como un espazo moderno e con plena accesibilidade física, sensorial e cognitiva.

“Dispoñeremos unha fachada trasventilada en composite de aluminio e porcelánico extrusionado. Ademais, terá unha envolvente na cuberta con zinc e paneis solares fotovoltaicos no faldón sur, acompañados de baterías para garantir a subministración en horas sen produción, a fin de cubrir o 100% da demanda de electricidade, a cal diminuíra notablemente pola substitución das luminarias por sistemas LED de baixo consumo”, apunta Fernández.

Crearase un percorrido interior, a través das zonas comúns, guiado por un sistema ‘Wayfinding’ de cores para mellorar a accesibilidade cognitiva, integrando asentos, almacenaxe e servizos, reforzando ademais a barreira acústica que protexe do ruído ás oficinas. Os baños de cada planta adaptaranse para a mobilidade reducida, dotarase de maior iluminación natural aos espazos baixocubierta e faranse reaxustes puntuais de distribución.

VÍAS NO RURAL. O Concello de Vilalba comezou coas obras de rexeneración total do camiño de Agadín, de dous quilómetros e ubicado na parroquia de Oleiros.

Estes traballos enmárcanse dentro do Plan Único da Deputación. Para acometer esta actuación emprégase zahorra, ademais de pavimento bituminoso, co obxectivo de dotar de máis regularidade á superficie e garantir a seguridade. A rexeneración deste camiño incluíu a limpeza e a apertura das cunetas.

O Concello adjudicou tamén traballos de mantemento e mellora en varias vías de titularidade municipal de diferentes parroquias do municipio. Dunha banda, melloraranse os accesos a parcelas agrícolas nas parroquias de Nete, Insua e A Torre. Concretamente, trátase da vía de acceso ao Caxigal dende a estrada a LU-541, en Nete, e do vial que dá acceso a Marcelle dende a estrada provincial LU-P-6506, atravesando Insua e A Torre. Doutra banda, tamén se acometerán melloras nas vías das parroquias de Corvelle e Codesido.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito



“O primeiro no Museo é solucionar a situación administrativa”

A alcaldesa Elba Veleiro responde ás cuestións de actualidade en Vilalba

Como se recibe ou se traballa coa situación que atravesamos o Mupav?

O principal problema do Mupav é a súa situación administrativa, da que é consecuencia a situación actual. Esta situación administrativa precaria vén do ano 2013, cando se aprobou a lei de estabilidade orzamentaria. O Concello foi conminado a que se solucionase ese problema e se fixeran uns axustes que non tiveron lugar e como consecuencia dende o 31 de decembro de 2015 o Museo tiña que estar disolto. Esta situación anómala era coñecida e que estabamos buscando unha solución pero a raíz das declaracións de Eduardo Ramil de deixar o cargo de director xerouse un clima de dúbidas e malestar polo que hai dez días convocamos unha Comisión de Cultura, para explicar ás outras formacións políticas a situación real do Mupav e poñer sobre a mesa os pasos a dar. Cando chegamos ao Goberno sabíamos que había uns problemas pero non coñecíamos ata que punto. Desde un primeiro momento intentamos solucionarlos. A isto sumouse que no 2020 coa pandemia, este asunto quedou relegado a un segundo plano ante outras prioridades máis urxentes. Doutra banda o edificio con máis de 40 anos amosa uns danos estruturais non fáciles de solucionar. No 2021 houbo un par de accidentes, que se solucionaron puntualmente pero quedan outros máis complexos como o da regulación da temperatura das instalacións para garantir as condicións ambientais correctas para os traballadores e para os propios materiais expostos. Fixéronse pequenas obras e arranxáronse os problemas que foron xurdindo pero o primeiro é

regularizar a situación administrativa, un expediente que vai levar algún tempo, pero imprescindible antes de calquera outra determinación.

Pedíuse un informe xurídico para aclarar en que termos había que proceder para dita regularización e niso estamos traballando. A vontade do equipo de Goberno é solucionar o problema administrativo e que o museo volva estar funcionando nas mellores condicións posibles. É o único museo que hai en Vilalba e os fondos teñen un alto valor histórico e arqueolóxico e hai que poñelos en valor, que se podan difundir para todos os que nos poidan visitar.

E a dimisión do director do museo?

Eduardo Ramil fixo unha serie de declaracións sobre o seu cese como director do Mupav que non se axustan á realidade. En agosto presentou unha solicitude de baixa laboral no seu posto de traballo por incompatibilidade xa que este curso ía desenvolver o seu labor como profesor da Universidade de León a tempo completo e non a tempo parcial como viña facendo en anos anteriores solicitando ó Concello dita compatibilidade por ser ambos postos a tempo parcial e que se lle concedía polo Pleno da Corporación. Entendendo a súa solicitude de baixa laboral como unha decisión persoal en canto ó desenvolvemento do seu traballo o Concello procedeu a tramitar dita baixa por acreditarse efectivamente dita incompatibilidade.

Como avanzan as obras na Pravia?

Hai que lembrar que as obras da Pravia estiveron condicionadas por unha emerxencia, houbo que tomar medidas e decisións rápidas. É certo que se estaba a facer un estudo para a mobilidade e contemplabamos a

posibilidade de deixar un só sentido de circulación e facer un proxecto para este centro de negocios seguindo os modelos doutras cidades e vilas, deixar a un lado os vehículos, camiñar, convertelo nun punto de encontro da veciñanza. A situación de emerxencia impúxose e converteuse nunha prioridade cambiar as canalizacións e aproveitar para dar maiores servizos, soterrar o cableado e facer unha superficie máis modernizada, en plataforma única, con beirarrúas accesibles. Estou segura que cando estea rematada esta obra os veciños van quedar satisfeitos co resultado, non teño dúbida. De feito, percibo que a xente está a ver que é unha empresa seria, con alta cualificación técnica que está a desenvolver un proxecto complexo e que trataron de reducir ao máximo as molestias. Púxose unha desviación para non ter que facer cortes de subministro e a obra vai algo máis lenta para non ter que interromper o tránsito dos coches, deixando unha marxe libre sempre para manter un carril funcionando.

Elevou unha importante crítica contra os orzamentos da Xunta. Acusa falta de investimentos?

Nestes tres anos e medio que levamos no Goberno en ningún momento contemplou a Xunta unha partida específica para Vilalba e este ano, unha vez máis, Vilalba ten cero euros para estas actuacións. Recentemente, como criticamos, Sandra Vázquez, a voceira popular, afirmou que hai dous millóns de euros de inversións da Xunta en Vilalba pero simplemente se refería a obras e melloras que se atopan dentro das súas competencias e obrigas, non de proxectos necesarios para a vila e que levamos



solicitando todo este tempo. Se de verdade hai eses dous millóns de euros, porque non especifican para que proxecto son? Dende a agrupación socialista a través dos nosos parlamentarios presentamos peticións concretas ao Goberno galego pero a deputada popular vilalbesa sempre debeu votar en contra porque non se viu ningunha actuación. No pasado pleno ordinario, presentamos unha moción para dirixirnos á Xunta, porque o nivel de captación de auga está moi xusto para as necesidades actuais. Aspiramos a unha ampliación do polígono e necesitamos ampliar para iso a captación de auga, presentamos esa moción ante Augas de Galicia para que faga un proxecto de aumentar os puntos de captación, esperemos que se traslade no debate das emendas do Parlamento se hai esa partida e sería importante unha aportación para iso. Tamén demandamos axudas para o centro de día e melloras para os viais no polígono. Son proxectos moi necesarios para axudar ao uso e disfrute dos vilalbeses e esperemos a ver se este ano teñen acollida e teñen a maior resposta posible.

Houbo tamén queixas polo reparto das subvencións nominativas.

No tema das subvencións nominativas a oposición votou en contra coa excusa de que se convocou mal o pleno e non é certo, convocouse cunha semana de antelación e o equipo de goberno presentou unha proposta de subvencións nominativas. Para esta

cuestión temos un crédito determinado e hai que ser conscientes diso. Dentro desa marxe incrementáronse nalgúns casos e noutros diminuíronse para facer un reparto xusto. Ademais urxía sacalas porque está a piques de rematar o ano e non podíamos deixar que se perderan. No caso do hospital asilo, hai un convenio polo que o Concello se fai cargo dunha parte do custe de 5 prazas da unidade de alzhéimer, que son preto de 60.000 euros ao ano e había unha parte fixa de 30.000 euros para gastos. Durante a corentena as prazas de alzhéimer seguíronse pagando e o ano pasado abonáronse 50.000 euros, en lugar dos 30.000 por un erro, polo que este ano para poder facer os axustes pertinentes o que se fixo foi deducir eses 20.000 euros que se pagaron de máis o ano pasado, que irán para outro proxecto.

Gustaríame que en cousas deste tipo a oposición sexa coherente cando fai as súas declaracións. Sei que todos temos a nosa forma de pensar pero non podemos recurrir a posicionamentos que non responden á realidade e á verdade. Pídlles que sexan coherentes, que defendan as súas posturas con argumentos e non faltando á realidade e á verdade, tratando de dar unha imaxe falsa da toma de decisións. No tema do reparto votaron en contra pero tampouco ofreceron propostas porque se as fixeran podíamos telas escollido.

Pode lerse a entrevista completa en www.terrachaxa.com

Fixemos os deberes!

Fibra 1.000 Mb
Móbil 50 GB

13 €
/mes

AFORRA
279€!

Durante 9 meses!



adamo
La mega fibra

Chama gratis ao 900 651 679 ou visítanos en adamo.es

Oferta válida exclusivamente para novos clientes que non contrataran Adamo nos últimos 3 meses e que contraten entre 24/08/2022 e o 14/11/2022, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil limitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 9 meses, só pagarás 13€/mes, despois PVP total 44€/mes. Prezo final con IVE e cota de 19€ incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo da parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. LÍMITES ADICIONAIS LIMITADOS A UN MÁXIMO DE 4 POR CLIENTE.

EN BREVE

BUXOS VERDES. A Asociación Cultural Buxos Verdes de Vilalba organiza para o sábado 26 de novembro a súa festa de 20 aniversario no auditorio. Esta cita dará comezo ás 10.00 horas e durante toda a mañá haberá obradoiros. Xa despois, ás 13.30 horas no restaurante Montero haberá unha sesión vermú e ás 15.00 horas será o xantar, ás 17.30 a foliada e pola noite, ás 20.00 horas, haberá un concerto seguido dun aperitivo.

RECITAL. O venres 18 de novembro, ás 19:30 horas, celebrárase no salón de actos da Casa de Cultura de Vilalba a presentación-recital do poemario *intraGUERRAS*, de Beatriz Dourado. O acto organizado por Culturalia GZ, coa colaboración do Concello de Vilalba, contará coa participación da citada autora, acompañada de Martiño Maseda, administrador de Culturalia GZ. De xeito simbólico, no transcurso do acto haberá o reparto de mazás combativas, nun proceso de interacción co público asistente.

PRESENTACIÓN. O Iescha e NPG organizan a presentación do libro, editado por Chan de Pólvora *Palmeiras e Piueiros*, do que é autor Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro. O acto terá lugar o xoves 17 de novembro de 2022, ás 20:00 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, e contará tamén coas intervencións de Marisa Barreiro, presidenta do Iescha, e M^{ra} Xosé Lamas, do colectivo Nova Poesía Guitirica.

FESTAS BELESAR. A localidade de Belesar celebra esta fin de semana as súas festas patronais. Comezarán ás 13.30 horas do sábado coa misa, a que seguirá a procesión e a sesión vermú, a cargo da orquestra Galaxia. Esta mesma e La Oca Band serán as que farán a verbena da noite. Seguirán as celebracións o domingo 13 de novo con misa solemne e procesión. A continuación, a sesión vermú, de novo con Galaxia.



O PP acusa a Veleiro de criticar os orzamentos da Xunta cando non ten feitos os municipais

A presidenta do PP de Vilalba e deputada autonómica, Sandra Vázquez, lamenta “o atrevemento da rexedora local” tras coñecer as súas declaracións sobre os orzamentos que dirixe a Xunta a Vilalba durante o 2023. “A señora Veleiro está moi áxil para facer de portavoz socialista dende a alcaldía, pero é incapaz de elaborar uns orzamentos municipais; xa que o PSOE non presentou ningún dende que chegou á alcaldía e, polo tanto, goberna coas contas prorrogadas que foran aprobadas polo goberno do PP co voto en contra dos socialistas”. Ademais, “gustaríanos que, como alcaldesa de tódolos vilalbeses, reclamara máis investimentos ao Goberno do Estado da súa mesma cor política”.

A popular explicou durante a reunión cos veciños e veciñas de Goiriz, que se enmarca dentro da rolda de xuntanzas coas distintas parroquias, que “a Xunta é a administración que máis inviste en Vilalba e que para o ano 2023 reserva 2,2 millóns de euros en investimentos en materia de Medio Rural, Medio Ambiente, Cultura, Vivenda ou Turismo. A estes hai que engadir os algo máis de 1,5 millóns en materia de promoción turística en relación ao Camiño de Santiago, as axudas da PAC que supoñen un importante impulso para a economía local ou as achegas que

dirixe ao mantemento dos servizos públicos coma a sanidade, a educación ou en materia de política social coma o Servizo de Axuda no Fogar, o de atención temperá, o Centro da Terceira Idade, a Casa da Xuventude ou o apoio ao CIM ou ao Hospital Asilo e tamén sufraga a gardería para que resulte gratuita para tódolos nenos e nenas ata os 3 anos”.

Vázquez explicou tamén que “no que vai de ano 2022 a Xunta leva dirixido a Vilalba máis de 10 millóns de euros: máis de 2 millóns para o SAF, máis de 900.000 euros para o Concello correspondentes ao Fondo de Cooperación Local, máis de 500.000 euros para o obradoiro de emprego -compartido co Concello de Abadín-, máis de 130.000 euros para o servizo de atención temperá; ademais das achegas para o CIM, Protección Civil, mellora de camiños e en centros educativos e axudas tanto a asociacións de veciños coma a empresas a través de distintas liñas”.

Ademais, o Grupo Municipal Popular considera “inaudito” que “un goberno local reduza 40.000 euros en axudas a unha entidade como é o Hospital Asilo. O PP non pode apoiar os recortes nas axudas nominativas que baixaron dos 308.400 euros no pasado ano aos 278.600 neste 2022, é dicir, preto de 30.000 euros menos”.

Amigos do Mupav, que cambia de directiva, solicita unha reunión do padroado

A Asociación de Amigos do Museo de Vilalba reuniuse no Centro Cultural Recreativo, por mor das malas condicións do edificio municipal no que se atopa o Mupav. Na reunión elixiuse unha nova xunta directiva para a Asociación con María Ladra e Manuel Roca como novos presidentes e vicepresidente.

Eduardo Ramil comunicounos a súa renuncia á dirección do Mupav debido “a imposibilidade de desempeñar dignamente o seu traballo e de garantir a conservación do patrimonio que garda o museo na situación actual da institución”.

“A súa marcha deixa o Mupav sen dirección e sen persoal técnico polo que non pode desempeñar a súas

funcións principais. De manterse esta situación irregular, existe o risco de que as coleccións arqueolóxicas do museo sexan reubicadas definitivamente noutras institucións. Por esta razón, urximos a alcaldesa Elba Veleiro a que reúna o padroado que ela mesma preside e subsane esta situación o antes posible”, indican.

A asociación aprobou tamén unha listaxe de actividades que se desenvolverán no que resta de ano.

Entre as actividades programadas inclúese un acto de agradecemento e despedida a Eduardo Ramil o día 26 de novembro. O 12 e 13 de novembro haberá unha viaxe cultural a Braga e en decembro outra excursión a Mugardos, concretamente o día 11.

Vilalba Aberta propón a rebaixa do IBI ás vivendas con instalacións de enerxía renovable

Vilalba Aberta levará a pleno unha proposta de modificación da Ordenanza Fiscal para a rebaixa do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) a aqueles veciños/as que contan con instalacións de enerxías renovables nas súas vivendas ou edificios. Unha iniciativa, que tal e como explicaron dende a formación levará como engadido unha segunda proposta de exención do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) naquelas obras encamiñadas á mellora na eficiencia enerxética e/ou á eliminación de barreiras arquitectónicas.

Tal como explicou o responsable de urbanismo de VA, Carlos Currás, a

rebaixa que defenderán no relativo ao IBI será do 50% durante dez anos dende a súa instalación. Ademais, as persoas que o fixesen con anterioridade tamén terán un réxime transitorio. “Queremos favorecer o uso de enerxías limpas e alternativas que axuden a paliar a alza dos prezos da enerxía. En definitiva, fomentar a transición a enerxías limpas de menor custo para a veciñanza”, sinalou. O mesmo acontece coa segunda parte da iniciativa, isto é: a relativa á exención do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) naquelas obras encamiñadas á mellora na eficiencia enerxética e/ou á eliminación de barreiras arquitectónicas.

EN CAMPAÑA SERVICIO 24H.

TODO PARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES MARCAS

ZEPELIN

ANOVA



RECAMBIOS Y SUMINISTROS

RECAMBIOS EN GENERAL - HIDRÁULICA - NEUMÁTICA - JARDINERÍA - VENTA DE MAQUINARIA - SERVICIO DE REPARACIONES

Rúa do Freixo, P-53 - Pol. Ind. Sete Pontes, 27800 Vilalba - Lugo. Tel.: 982 831 105 - 609 392 656 - recambios@sesacar.com

“Para seguir medrando, Vilalba necesita novos emprendedores”

Tania Lage Pita, xerente da empresa vilalbesa Rentacar xunto a Nicolás Ferreiro

No mes de maio deste ano abriu as súas portas en Vilalba Rentacar, unha empresa de alugueiro de turismos, furgonetas e autocaravanas sen condutor a curto e longo prazo, situada na rúa Castiñeiro do polígono industrial Sete Pontes. Á fronte desta empresa está a parella formada por Tania Lage Pita e Nicolás Ferreiro, dous emprendedores de Vilalba.

Como xurde a idea de crear Rentacar?

Pois a idea víñamola traballando xa dende o ano pasado porque a ambos os dous gústanos moito o mundo do motor, xa que o pai de Nicolás ten un taller mecánico e sempre estivemos vinculados a este sector porque nos gusta moito. Vimos que en Vilalba faltaba un servizo de alugueiro de vehículos e había moita xente que o demandaba tanto no aspecto persoal como empresarial, polo que nos parecía unha boa proposta de negocio. Decidimos, polo tanto, emprender nesa vía así que levamos funcionando nesta nova andaina dende o 20

de maio deste ano.

Cales son os servizos que presta Rentacar?

En Rentacar prestamos servizos de alugueiro de vehículos de todo tipo a curto e longo prazo, tanto a particulares como a negocios de autónomos e empresas. Centrámolos en turismos, furgonetas, furgonetas de 8 prazas e autocaravanas.

Cal é o máis demandado, o particular ou o privado?

A verdade é que a demanda é alta en todos os vehículos que temos pero quizais o que máis movemento ten é o de alugueiro de turismos ao particular. De feito este verán, tivo moitísima demanda, tal foi así que estiveron ocupados e non puidemos atender a toda a demanda. Este tipo de cliente é máis habitual aínda que tamén hai moito autónomo.

Os vehículos cos que traballan son seus?

Si, son todos adquisición nosa e o noso obxectivo é seguir crecendo e aumentando o parque móbil para cubrir toda a demanda. Tamén cando pase certo tempo intentaremos cambialos pero polo momento son novos.

Que zona abarcan?

A nosa maior clientela está na propia vila de Vilalba pero alcanzamos toda a Terra Chá, aínda que recibimos chamadas de moitos outros sitios. Tamén temos xente que nos vén de fóra da comarca polo que agradecemos moitísimo que confíen en nós desta forma e nos axuden así a mellorar un pouco máis para dar cada día un mellor servizo.

Por que escolleron Vilalba?

Por dúas razóns importantes, non había nada similar aquí pero tamén, e máis importante, porque é o noso pobo de nacemento e queríamos estar aquí. Ademais, Vilalba necesita novos emprendedores e negocios para que siga medrando o pobo.

Cal é a característica máis destacada de Rentacar?

O noso maior interese é dar o mellor servizo e que os nosos clientes se sintan cómodos e a gusto con nós, para iso buscamos



un trato próximo con todos eles e sempre aclarando no momento todo tipo de dúbidas ou problemas que poidan xurdir para así cubrir o mellor posible as súas necesidades.

Que horario teñen?

O noso horario de atención ao público é de luns a venres de 9.00 a 13.00 e de 15.30 a 20.00 horas. O sábado estamos abertos tamén de 10.00 a 13.00. Ademais, temos unha caixa para chaves, se a entrega coincide en domingo ou festivo, para que se podan facer as devolucións fóra do horario de

oficina de forma cómoda e satisfactoria para os nosos clientes.

E de cara ao futuro, que proxectos hai?

O primeiro proxecto que temos é seguir ampliando, non só en vehículos senón no local. De feito, a principios do ano que vén mudaremos as nosas instalacións para unha nave máis grande onde podamos seguir crecendo en flota. Estaremos alí de feito a partir do cambio de ano, no número 48 da rúa Acivro, no mesmo polígono, ao lado de Distribuciones Cabarcos.

Inviste en Friol



CONCELLO
DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

Regresa o tradicional concurso de tapas Saborea As Pontes

O concurso de tapas Saborea As Pontes, organizado polo Concello das Pontes en colaboración coa Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios das Pontes (Cohempo) está en marcha tras dous anos sen celebrarse debido á pandemia.

Nesta ocasión son 12 os establecementos hostaleiros que participan nesta cita, consolidada no calendario de actividades propostas desde a Concellería de Turismo, Hostalería, Comercio e Consumo para dinamizar e promover un dos sectores xeradores de preto dun centenar de postos de traballo no municipio. O certame celebrarase durante dúas semanas consecutivas, de xoves a domingo, ata o día 13 de novembro.

As tapas sírvense os xoves, de 19.30 a 23.00 horas e os venres, sábados e domingos ampliouse o horario para ofrecer tamén as degustacións en horario matutino, de 12.00 a 15.00 horas e durante as tardes de 19.30 a 23.00 horas. O prezo é de 2,50 euros. Saborea As Pontes repartirá dous premios entre todas as tapas do concurso. Unha Comisión de Valoración Oficial será a encargada de elixir a *mellor tapa pontesa 2022*, mentres que o xurado popular, a través do seu voto, escollerá a *tapa pontesa máis valorada polo público*.

Ademais, repartiranse 9 premios, de 200 euros cada uno, entre todas aquelas persoas que cubran os boletos do concurso de tapas con oito selos de diferentes locais.

A concelleira invita á veciñanza e visitantes a participar neste certame, a degustar as tapas, a saír á rúa e a gozar desta nova edición e tratar de superar a cifra das 28.957 tapas servidas durante a edición do ano 2019.

Presentan o programa de actividades do 25N

O Concello das Pontes deseñou unha programación, composta por unha decena de actividades para conmemorar o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, data que se celebra o próximo 25 de novembro. Baixo o lema *Cansas de oílo? Nós de vivilo*, a programación, en palabras da concelleira responsable da área de Igualdade, Tania Pardo, ten como obxectivo esencial "informar, formar, educar, sensibilizar sobre a violencia de xénero a toda a poboación das Pontes, especialmente a máis nova, e axuntar esforzos para visibilizar, previr e loitar cunha das maiores manifestacións da desigualdade á que se enfrontan as mulleres, polo simple feito de selo, e a sociedade no seu conxunto".

A imaxe gráfica da programación foi elaborada pola deseñadora gráfica local, Ana Belén Fernández Martel. As actividades comezaron cuns obradoiros para a prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Educación Secundaria da vila, que se levarán a cabo ata o mes de decembro.

Outra das actividades programadas para os centros educativos de Educación Secundaria é o segundo concurso de carteles que, ao igual que o ano pasado, busca, a través da arte, sensibilizar á cidadanía na loita contra a violencia de xénero, instándoa a que non miren cara outro lado, desenvolvendo actitudes comprometidas na loita contra a violencia machista. A obra gañadora será a imaxe oficial do Día Internacional contra a violencia de xénero e dos actos organizados polo Concello das Pontes con motivo do 25N.

Así mesmo, desde o 4 de novembro está instalada no IES Moncho Varcas a exposición *Cartas de Amor*. Unha mostra de cómic galego sobre violencia de xénero con debuxos de artistas de fama como Miguel Calatayud, Patricia Castelao, Fausto Isorna, Pirusca, José Luís Méndez, Jack Mircala ou Javier Olivares.

Trátase dunha iniciativa promovida pola Secretaría Xeral da Igualdade mediante na que se establece un paralelismo entre o mundo romántico das primeiras relacións de parella e a crueldade que, ás veces, vai asociada a elas, tendo en conta que, nos últimos anos, detéctanse moitos casos de relacións de parellas entre adolescentes cunha forte carga de violencia verbal e mesmo física. A través desta actividade quérese sensibilizar á poboación máis nova sobre a existencia de violencia nas súas formas de relacionarse, axudar a detectala e, polo tanto, a eliminala. Dirixido ao alumnado de Educación Primaria dos centros educativos do municipio, o departamento de Igualdade, programou dous contacontos educativos. O primeiro, *Aprendendo a querer*, da compañía teatral Trinke-trinke, para as alumnas e alumnos de Educación Infantil, 1º e 2º de Primaria, desenvolverase os días 14 e 15 de novembro, e nel abordaranse os vínculos afectivos e as relacións coas outras persoas. O segundo contacontos, *Contos para cambiar o conto* levarase a cabo os días 28 e 30 de novembro e está dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Primaria.

Xa para toda a poboación, o día 25 de novembro, o Auditorio Municipal Cine Alovi acollerá a representación



da obra *Feminísimas* de Destexeito Producións, unha creación colectiva coa amizade como fondo e o feminismo como forma. Un Congreso Feminista na cidade de Vigo. Tres amigas da adolescencia que teñen tres maneiras moi distintas de entender o "feminismo": feminismo radical, feminismo liberal e teoría queer.

O día 30 de novembro, celebrarase unha xuntanza da Rede Pola Igualdade do Concello das Pontes, aberta a toda a poboación e na que parti-

cipará a Unidade de Coordinación contra a violencia sobre a muller da Subdelegación do Goberno, persoas representantes do Equipo Viogen e da Fundación Meniños para charlar sobre recursos e programas especializados en violencias sexuais

No ámbito institucional, o día 23, haberá unha xuntanza da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero e o día 25 farase lectura dun manifesto en contra da violencia de xénero, ás 12:00 horas, no salón de plenos.

Teatro, cine, ópera e títeres para terminar novembro

Continúa a desenvolverse este mes de novembro unha intensa programación cultural que combinará de novo teatro, música e baile para todas as idades.

Na categoría de teatro entra *Colecciónistas. A arte feita comedia* de Gallaecia Eventos, o día 11.

Tamén están previstas distintas actuacións musicais, como a de Borja Quiza, o día 19, con cancións sobre a emigración galega. Están tamén programados tres concertos de Santa Icí, o 23 a cargo do profesorado do conservatorio; o día 26 con

todos os grupos e rematarán o 27 con misa e ofrenda floral de Santa Icí co concerto do grupo Canaveilla. O día 12 haberá unha ópera, *O reflexo*. Unha homenaxe a Emilia Pardo Bazán. E o día anterior, o 11 un recital poético a cargo do grupo Alalá.

Para os pequenos hai dúas citas, o 10 cos títeres de Tarabelos, que representarán *Sabela e o paxaro máximo*. O 24 haberá dobre sesión, música e clown con Divertimentos e contacontos con Raquel Queizás, coa peza *Cinema de historias*.

Participa na elaboración da estratexia de desenvolvemento local do GDR Terra Chá



Visita a páxina www.gdrterracha.org
Rúa Carmiña Prieto, s/n 27800 Vilalba (Lugo)
terrachanaturalmente@gmail.com
Tfnos: 982 51 23 69/982 52 30 13

As Pontes está entre os cinco municipios galegos de máis renda

Oleiros, As Pontes e Santiago de Compostela foron en 2020 os que contaban coas maiores riquezas per cápita de Galicia, segundo se explica no Atlas de Distribución de Renda dos Fogares que publicou o Instituto Nacional de Estatística (INE).

En concreto, Oleiros continúa como concello galego coa maior renda neta por habitante, cunha media de 16.403,37 euros. Séguenlle As Pontes, con 15.482,06 euros per cápita, e Santiago, con 14.648,64 euros.

Despois deses tres, entre os cinco municipios cunha maior riqueza media están tamén a cidade da Coruña (14.590,68 euros por persoa), o concello lucense de Cervo (14.286,51) e o coruñés de Bergondo (13.751,65). No lado oposto, con 7.565,33 euros por veciño, Avión (Ourense) colócase como o de menor renda neta media. Tamén están no extremo baixo da táboa Beariz (Ourense), con 9.062,06 euros per cápita; A Lama (Pontevedra) con 9.152,43; Fisterra (A Coruña) con 9.224,49; e Boborás (Ourense), con 9.299,69 euros.

Volve o servizo Coidados porta a porta en novembro

As Pontes recibe ata o 14 de novembro, a segunda visita da unidade móbil de Coidados porta a porta, a iniciativa financiada a través dos Fondos Europeos Next Generation para achegar aos maiores de 55 anos as consultas de audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria.

O servizo estará situado no Canal IV entre as 9.00 e as 20.00 horas.

Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos é gratuíta. Pode pedirse cita previa no 622 748 283 ou por correo electrónico.

Licitan as obras da rúa Cabanas e as da avenida da Habana

O Concello das Pontes aprobou o expediente de licitación dunha nova fase das obras de reposición de servizos e pavimentos na Avenida da Habana, no tramo comprendido entre os números 76 e 99.

O proxecto, cun orzamento de 147.774,48 euros e financiado pola Deputación da Coruña, permitirá mellorar os actuais servizos de iluminación e saneamento e por outro lado a reposición dos pavimentos da beirarrúas e viario, configurando un vial a nivel coa beirarrúa, dotando de total accesibilidade en todo o tramo a executar.

Así, crearase unha nova rede de recollida de augas pluviais separativa, alumeadado público, novas beirarrúas, calzada pavimentada con aglomerado, a nivel para crear unha plataforma única, dotación de mobiliario urbano e a reposición da sinalización.

RÚA CABANAS. O expediente de licitación das obras de renovación de servizos públicos e os pavimentos na rúa Cabanas tamén está en licitación, un proxecto financiado a través do POS 2022 da Deputación, cun orzamento de 195.452 euros.

Esta actuación permitirá a execución dunha nova rede de recollida de augas pluviais separativa, nas dúas marxes da rúa. As obras tamén contemplan unha nova canalización para a iluminación pública, renovación das beirarrúas, seguindo o mesmo deseño empregado noutras rúas, homoxeneizando a estética do centro urbano, apostando pola eliminación das barreiras arquitectónicas nun proxecto de pobo máis funcional, no que toda a veciñanza poida moverse sen dificultades. Ademais, reforzase o pavimento do viario, previa limpeza e rego de imprimación, reforzase mediante



unha capa nova de rodadura de mistura en quente.

As obras completaranse coa instalación de mobiliario urbano; bancos, papeleiras e xardineiras, realizadas en madeira de elondo, vernizado especial e accesorios de aceiro inoxidable. Os traballos rematarán coa reposición da sinalización viaria.

POBOADO DA FRAGA. Tamen sacou a licitación pública a sexta fase das obras de mellora de servizos e pavimentos no poboado da Fraga.

Un proxecto cun orzamento de 162.244,19€ que será financiado, de forma íntegra, pola Deputación da Coruña.

Os traballos permitirán a renovación do pavimento das beirarrúas con lastras de formigón recto e a colocación de bordo nos encontros coa estrada mentres que a separación entre a beirarrúa e as zonas verdes realizase con bordo de xardín, mantendo os criterios estruturais e estéticos das fases anteriores, empregando a mesma tipoloxía de materiais.

Estas actuacións tamén contemplan a substitución do saneamento de augas pluviais por colectores de PVC e a execución das acometidas domiciliarias. Así mesmo procederase á renovación do alumeadado público

coa colocación de novos báculos e luminarias ao longo da beirarrúa, coa instalación das canalizacións e dos cabreados necesarios, creándose tamén a canalización para telecomunicacións.

Ademais, entre os traballos previstos, inclúese a instalación de novo mobiliario urbano, bancos e papeleiras, en toda a zona obxecto da intervención.

AVENIDA DE ORTIGUEIRA. Completa o plan de obras a segunda fase da mellora de pavimentos e servizos na avenida de Ortigueira.

O proxecto, con orzamento de 214.886 euros con cargo á Deputación da Coruña, ten como obxectivo prioritario continuar mellorando a accesibilidade da rúa, eliminando o desnivel existente entre a estrada e as beirarrúas así como mellorar os servizos de iluminación e saneamento, dándolle continuidade ao proxecto de rehabilitación, humanización e mellora da accesibilidade levada a cabo polo Concello no centro.

Tamén contempla a renovación do saneamento, alumeadado público, pavimentación da beirarrúa, afirmado da zona de rodaxe, e a instalación de novo mobiliario urbano e sinalización.

Trasladan a biblioteca temporalmente ao mercado municipal

O Concello das Pontes fixo o traslado provisional da Biblioteca Municipal Rivera Rouco á primeira e segunda planta do Mercado Municipal por mor do inicio das obras de reurbanización da praza da América.

En relación a todas as actividades que se viñan desenvolvendo desde Biblioteca, mantense o horario e localización das propostas do Xoves na Biblio que seguirán a desenvolverse na Casa Dopeso, ás 18:00 horas, dous xoves ao mes.

O Club de lectura reiniciou na nova sede a súa actividade, en horario de tarde mentres que o programa Relendo a Vida, cambiará de espazo para levar a cabo as súas actividades na Casa Dopeso.

Desde o Concello das Pontes pídense desculpas ás persoas usuarias da Biblioteca polos inconvenientes que este traslado puidera ocasionar.

A Casa do Mel recibe unha achega de 60.000 euros

A Casa do Mel de Goente vén de ser beneficiaria dunha axuda á apicultura de preto de 60.000 euros.

As actuacións subvencionadas nesta convocatoria 2022 inclúen a contratación de persoal técnico e de especialistas para prestar información e asistencia ás persoas apicultoras. Tamén comprende -no relativo á loita contra as enfermidades das abellas- a adquisición de tratamentos quimioterápicos e outros compatibles coa apicultura ecolóxica contra a varroase, a alimentación das abellas -coa fin de mellorar a actividade da colmea- e a renovación ou purificación de cera, ademais da adquisición de métodos para a captura e eliminación e control da vespa velutina.



VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES
DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

ESPECIALISTAS EN DERECHO DE FAMILIA

ASESORAMIENTO EN PROCESOS DE SEPARACIÓN Y DIVORCIOS
CUSTODIA COMPARTIDA • GUARDA Y CUSTODIA DE MENORES
REGULACIÓN DEL RÉGIMEN DE VISITAS • RECLAMACIÓN POR IMPAGO DE
PENSIONES ALIMENTICIAS • LIQUIDACIÓN DE SOCIEDAD DE GANANCIALES
CAPITULACIONES PATRIMONIALES
PAREJAS DE HECHO, CONSTITUCIÓN Y DISOLUCIÓN

¡Consúltenos!

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. ☎️ 982 228 606

📱 veiguelabogados 🌐 veiguela abogados

Comezan as segundas xornadas micolóxicas

O Concello organiza, por segundo ano consecutivo, as xornadas micolóxicas *As Pontes, Terra de Cogomelos*, unha iniciativa que se desenvolverá ao longo de todo o mes de novembro e que ten como obxectivo potenciar a actividade micolóxica e micofilia.

O programa de actividades, todas elas de balde, inclúe unha serie de obradoiros e faladoiros nos que diferentes especialistas no mundo da micoloxía achegarán ao público asistente as temáticas diversas como o cultivo de fungos, a identificación de especies ou a normativa vixente en relación a recolección e aos coutos micolóxicos en Galicia. Actividades que se completarán con obradoiros olfactivos e sensoriais, saídas micolóxicas, unha exposición sobre o mundo da micoloxía e o papel da muller e un concurso de receitas a base de cogomelos silvestres.

O sábado, 12 de novembro, en horario de mañá, entre as 10:30 e as 12:30 horas, tamén na Casa Do-

peso, persoal técnico da empresa MycoGalicia Plantae e do Laboratorio de micoloxía da Universidade de Vigo, desenvolverá unha charla-obradoiro sobre o cultivo de cogomelos.

O domingo 13 de novembro realizarase unha saída ao couto micolóxico do Monte Forgoselo, guiada por micólogas das Universidade de Vigo.

A seguinte semana haberá un faladoiro sobre o marco normativo vixente en Galicia, sobre os aproveitamentos existentes e os coutos micolóxicos

As xornadas contarán, o día 25, coa participación de persoal técnico de MycoGalicia Plantae, que desde as 18:30 ata as 20:30 horas, na Casa Dopeso, cun dos obradoiros máis chamativos e innovadores das xornadas.

Xa o sábado 26 de novembro, Miño Guerreiro da Asociación Poupariña das Pontes, guiará unha saída micolóxica nun espazo de enorme interese micolóxico e ambiental.

A ministra Maroto louba os proxectos do proceso de transición

A Ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, visitou, acompañada do delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, o Concello das Pontes.

O alcalde, Valentín González Formoso, que exerceu como anfitrión, agradeceu o esforzo da Ministra para facer un oco na súa axenda e achegarse ata o municipio, destacando que se trata dunha visita moi importante para unha localidade que se atopa en proceso de transición “nun momento no que despois de moito esforzo, cunha forte mentalidade industrial, atesourada ao longo de 50 anos, temos a vontade de seguir sendo unha referencia no ámbito da industria pesada”.

“Somos o principal complexo eléctrico do Estado a día de hoxe, somos capaces de xerar enerxías con tecnoloxías moi variadas e cunha mentalidade industrial que é preciso preservar e que fai que os proxectos industriais teñan o respaldo da sociedade. Que hoxe poidamos estar falando de proxectos tan importan-



tes como unha planta de hidróxeno, unha fábrica de papel tisú ou unha fábrica de pneumáticos de última xeración é ilusionante”, engadiu o rexedor local.

González Formoso lembrou que son proxectos que nalgúns casos van precisar de autorizacións do Estado, en todos os casos de autorizacións autonómicas, en algún reforzo económico por parte do Estado e en todos reforzo económico autonómico así como a implicación municipal. “Esa mistura vaise dar e, probablemente, gocemos dunha inversión de 1.300 millóns de euros nos próximos

anos, que xunto con Navantia, farán que esta comarca rexurda outra vez como o que foi e como o que non quere deixar de ser: un polo industrial de referencia en Galicia”, concluíu o alcalde.

Pola súa banda, a Ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto, resaltou que “a comarca está sufrindo unha transición e ten que ver o futuro con optimismo e para iso son precisos enclaves, proxectos e é necesario establecer prioridades para poder financiar os proxectos que hoxe están sobre a mesa e que representan o futuro da comarca”

Celebran unhas sesións sobre consumo responsable

Puxéronse en marcha unhas xornadas informativas para promover o consumo responsable.

O martes, 15 de novembro, ás 19:00 horas, continuarán na Casa Dopeso cunha charla sobre consumo dixital no que as persoas participantes poderán adquirir nocións básicas para mercar online de xeito seguro e responsable e tamén recibirán información sobre o mercado dos produtos falsificados e as súas consecuencias no consumo.

Os días 16 e 17 de novembro, a partir das 20:30 horas haberá dúas charlas dirixidas aos/as comerciantes locais sobre técnicas publicitarias e non tan publicitarias para vender mellor e promover o consumo responsable desde o comercio de proximidade.

O Cine Alovi instala un sistema de climatización

O Concello instalará un sistema de climatización e de renovación no Auditorio Municipal Cine Alovi, instalación da que carecía, ata o momento, o equipamento municipal.

O proxecto, cun orzamento de 45.700 euros que será financiado a través dunha achega autonómica, permitirá substituír a caldeira de gasóleo e os radiadores de ferro fundido repartidos por toda a infraestrutura, insuficiente e incapaces de climatizar o auditorio municipal, para mellorar deste xeito a sensación térmica e o confort climático do público.

O concelleiro de Cultura, Vicente Roca apunta que “con este proxecto dotamos ao auditorio municipal

dunhas instalacións mellores e máis modernas, cun consumo enerxético menor que suporá un aforro do 70%. Con este tipo de investimentos queremos reafirmar ao auditorio municipal como punto de referencia para a cultura pero tamén convertelo nun espazo cun posicionamento claro no ámbito da eficiencia enerxética”.

Por outra banda, o sistema de renovación do aire, xemelgo ao instalado na Casa Dopeso, respectará as características do edificio e a súa antigüidade ao tempo que cumpre cos requisitos derivados da experiencia da Covid19, collendo o aire do exterior, climatizando e renovando o aire interior para, a continuación volver expulsalo ao exterior.

Endesa pon a funcionar de novo un dos grupos

A central térmica de Endesa nas Pontes volve queimar carbón para producir enerxía tras reactiva un dos seus dous grupos dispoñibles.

Segundo asegurou o director desta central, Ignacio Sáinz, “o grupo uno xa entrou en explotación e o grupo dous está en proceso de revisión para poder reactivalo a principios de 2023”.

Debido a isto, a empresa aumentou de novo o persoal medio da planta, que acada unhas 60 persoas. Ademais, prorrogáronse os contratos das empresas auxiliares ata xuño de 2023.

En canto ao carbón, Sáinz detallou que o primeiro buque con carbón almacenado no porto exterior de Fe-

rol está a ser trasladado por estrada cara ás Pontes. Este cargamento era de 165.000 toneladas, pero virán novas remesas en función do consumo dos grupos.

De feito, conta con máis subministro, cunha partida doutras 160.000 toneladas de carbón de Indonesia, por barco.

Desde Endesa apúntase que “ante unha situación de crise enerxética como a actual”, a empresa eléctrica “pon en explotación dúas das súas unidades de produción”, a pesar de que “a nosa estratexia non variou, xa que Endesa mantén o seu compromiso de descarbonización para o ano 2040 e segue apostando polas enerxías renovables”.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIÓNS - AUDITORÍAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS


Praza da Constitución, 3 - Baixo. 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
NUESTRA CARTA
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD
REVUELTOS DE BARRIL
PASTAS CON SALDOS RAJADAS
ALCO PARA
SABOREAR TORTILLAS
NUESTROS DELICIOSOS
PATATAS
COMPARTIR TAPAS

O CONCELLO DE VILALBA consegue unha subvención de case un millón de euros ao ser seleccionado entre os mellores de España para converter a casa consistorial nun edificio sostible e accesible.



O CONCELLO ELABOROU UN PROXECTO QUE PROPÓN UNHA ACTUACIÓN INTEGRAL QUE TRANSFORME O EDIFICIO CARA A UN CONSUMO ENERXÉTICO CASE NULO, HABILITÁNDOO ADEMAIS COMO UN ESPAZO MODERNO E CON PLENA ACCESIBILIDADE FÍSICA, SENSORIAL E COGNITIVA.

"Dispoñeráse unha fachada trasventilada en composite de aluminio e porcelánico extrusionado. Ademais, terá unha envolvente na cuberta con zinc e paneis solares fotovoltaicos no faldón sur, acompañados de baterías para garantir a subministración en horas sen produción, a fin de cubrir o 100% da demanda de electricidade, a cal diminuírá notablemente pola substitución das luminarias por sistemas LED de baixo consumo".

Crearase un percorrido interior, a través das zonas comúns, guiado por un sistema 'Wayfinding' de cores para mellorar a accesibilidade cognitiva, integrando asentos, almacenaxe e servizos, reforzando ademais a barreira acústica que protexe do ruído ás oficinas. Os baños de cada planta adaptaranse para a mobilidade reducida, dotarase de maior iluminación natural aos espazos baixo cuberta e faranse reaxustes puntuais de distribución.

Moitas destas accións previstas nas obras derivan da información recollida no proceso participativo desenvolvido para esta proposta, que integrou a representantes de asociacións, traballadores de equipamentos e membros das Anpas.




Concello de Vilalba

Friol acolle o día 12 a I Poxa de Gando Frisón

O Concello de Friol celebrará no próximo mes de novembro a primeira edición da poxa de gando vacún de leite.

O transcurso da poxa terá lugar o sábado 12 de novembro pola mañá, a partir das 12:00 horas, no mercado municipal, que en esta primeira edición está organizada por Africor (Asociación Provincial de Gandeiros de Lugo para o Control de Rendementos) en colaboración co Concello de Friol. Será Africor Lugo quen se encargue da selección dos animais, as probas sanitarias, pelado dos animais, coidado dos mesmos durante a feira e realizar a poxa.

Neste tipo de poxas poden ofertar os seus animais os socios de Africor Lugo, xa sexan próximas ao parto ou paridas.

A presentación do cartel da poxa tivo lugar na mañá de este mércores, contando coa presenza do alcalde de Friol, José Ángel Santos, o presidente de Africor Lugo, Manuel Sandamil, e outros representantes do equipo de go-



berno e da asociación.

Con esta actividade o Concello pretende seguir apoiando o sector primario do municipio, e tamén que sirva de reclamo para que a xente visite Friol, e para todos os interesados en participar en este tipo de compra-venta de gando.

A organización, así como os costes de este evento, son sufragados con fondos propios do Concello.

Patrimonio Cultural de Galicia cataloga a Pena Castrela

Atendendo a solicitude que se fixo dende o Colectivo Patrimonio dos Ancares, o Servizo do Patrimonio Cultural en Lugo vén de comunicar que, despois da inspección efectuada polos seus arqueólogos, a Pena Castrela foi incluída no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. Segundo o artigo 93 da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia do ano 2016, por conter manifestacións de arte rupestre pasa a ter a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), gozando a partir deste momento da máxima protección legal. Situada no monte do Pedrido, entre as parroquias de Lea e Narla, é a máis emblemática e visitada de Friol.

Trátase dun espectacular afloramento granítico cunha altura máxima que ronda os 12 metros e en cuxo pé se abre un espacioso acubillo que pode dar cabida a varias persoas. En distintas partes da pena vense gravuras de entalladuras, pías e coviñas realizadas por man humana, as máis antigas de época prehistórica.

Hai máis de trinta anos, os investigadores Juan Núñez Jato e Laura Rodríguez Varela xa documentaron algúns



dos petroglifos, así como a sona que a pena tiña en Friol, pero aínda así non fora catalogada.

A Pena Castrela debe a súa fama, principalmente, a unha vella lenda, con varias versións, transmitida de xeración en xeración. Un día ía unha moura coa súa filla polo monte do Pedrido. A filla levaba unha ola de mazar o leite, e a nai, ao tempo que fiaba, transportaba unha enorme pedra sobre a cabeza. Cando chegaron ao sitio onde se atopa a Pena Castrela, a moura esvarou e ao caerlle a pedra que levaba matou á filla e rompeu a ola. Chea de rabia, colleu unha gran pedra e lanzouna

contra a Pena Castrela ao tempo que exclamaba: "Pena Castrela, / rompíchesme a ola / matáchesme a nena / heiche fender dende o rabo á orella". A pena quedou partida, tal como se ve na actualidade. No acubillo vense gravados uns longos sucros que se di son as unllas da moura cando, rabiosa, arrabuñou a pedra, e cinco pequenas coviñas que hai ao seu carón as marcas dos seus dedos.

"Dende Patrimonio dos Ancares amosamos a nosa satisfacción de que por fin se catalogue este espazo arqueolóxico-cultural, que dende hai moitos anos levan divulgando veciños e asociacións de Friol", din.

As citas do mes de novembro

ITV. A unidade móbil da ITV está entre os días 16 de novembro e 2 de decembro en Friol para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada no mercado gandeiro. As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas agás os venres (18 e 25 de novembro e 2 de decembro), que será só en horario de mañá. Para participar é necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

MAGOSTO. San Pedro de Vilalbite celebra o domingo 13 de novembro un magosto popular no campo da

feita da localidade. Esta festa está organizada pola asociación veciñal Agro Pena de Vila e se desenvolverá en carpa cuberta. A sesión, que dará comezo ás 14.00 horas, estará amenizada polo dúo D'Ases. Ademais das castañas, haberá un xantar con empanada, cocido e larpeira. Terá un prezo de 22 euros para os socios e de 25 para os non socios mentres que os nenos de 4 a 10 anos deberán pagar 11 euros. As persoas interesadas en apuntarse deberán facelo no Bodegón Corbelle ou falando con Inés (681 291 140) ou María José (660 282 883). Sortearase unha televisión e outros agasallos.

O Concello executa dúas obras viais por valor de 80.000 euros

Leváronse a cabo os traballos necesarios para realizar dúas obras moi importantes para o Concello de Friol, que suman máis de 80.000 euros entre as dúas, e que se financiarán con cargo ás baixas do Plan Único, e serán dous proxectos catalogados como contratos menores.

O primeiro proxecto é o acondicionamento, mediante traballos de pavimentación, na parroquia de Carlín, realizado por Cholo S.L. por un importe de case 50.000 euros.



O segundo é o acondicionamento de varios tramos, entre os que se atopan as parroquias de Carballo, Friol e San Cibrao, executado por Construcciones Carballeira por un importe de máis de 32.000 euros.

Son dous proxectos de gran importancia para a poboación de Friol, pois trátase de realizar melloras e mantementos de camiños municipais que benefician ás parroquias de Carlín, Carballo, Friol e San Cibrao, e en xeral a unha gran parte da veciñanza.

As vías obxecto de actuación, mediante pavimentacións, estaban en mal estado debido ás condicións

normais do tráfico, o paso de maquinaria agrícola ou para traballos forestais, as condicións atmosféricas e o paso de tempo, polo que resultaba complicado o paso en algunhas zonas das vías indicadas. Polo tanto, as actuacións realizadas foron encamiñadas a reparar as deficiencias que presentaban e previr que se produciran máis danos.

Todas estas actuacións que acaban de realizarse, traerá nunha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio, pois a mellora de todos estes camiños facilitará o acceso polos mesmos aos habitantes do Concello.

Anuncio para Vilalbesa de Gasóleos, S.L. que ofrece a distribución de gasóleos a domicilio. O anuncio mostra un camiión vermello e un tanque de gasóleo. O texto do anuncio indica: "Vilalbesa de Gasóleos, S.L.", "DISTRIBUCIÓN DE GASÓLEOS A DOMICILIO", "Años de experiencia avalan nuestra GARANTÍA", "TELÉFONO DE PEDIDOS 629 847 744", "Polígono Industrial - Avda. do Acivro, parcela 82-B. 27800 Vilalba (Lugo) / vilalbesatargasoleos@gmail.com".

Dous mozos da localidade gañan o certame Xuventude Crea de cociña

O mercado de abastos de Santiago acolleu a final da especialidade de Cociña do certame Xuventude Crea 2022, na que o primeiro premio recaeu no equipo formado por Andrea Maseda Prado e Miguel Morán, naturais de Cospeito. Estes gañadores amosaron a súa destreza aos fogóns elaborando o prato Perlas de pistacho e chocolate branco, natillas de castaña e flocos de millo.

O segundo posto foi para Isabel Viveiro Acción, da Coruña, que tituló ao seu prato Carolina. E en terceiro lugar quedou o equipo composto por Cristina Domínguez Queijo e Jorge Novo Rodríguez, tamén da Coruña, con Róbal Mar e Terra. Ademais de recoñecer o bo facer na cociña das novas forradas de chefs, a través deste concurso tamén se poñen en valor os produtos propios de Galicia, xa que a base dos pratos confeccionados foi a utilización de materia prima da nosa Comunidade.



Os gañadores recibirán unha gratificación de 3000 euros; 1500 a segunda clasificada e 1000 os dous finalistas que quedaron en terceira posición.

Desde que fai trece anos tivo lugar a primeira convocatoria do Xuventude Crea, xa son máis de 4000 os mozos e mozas de entre 16 e 30 anos premiados e preto de 3000 os proxectos creativos e obras pre-

sentadas a este certame. Na edición deste ano 2022 participan un total de 350 artistas con 280 obras que, de novo, contarán con apoio por parte da Xunta de Galicia para dar a coñecer as súas creacións. Compre destacar, ademais, que todas aquelas premiadas ao longo dos últimos anos exhibense nun museo dixital recen estreado: www.museoxuventudecrea.gal

Convocado o torneo de tute do CD Cospeito

O CD Cospeito celebrará o día 12 de novembro un torneo de tute para parellas para o que o prazo de inscrición xa está aberto.

Este evento terá lugar na cámara agraria da Feira do Monte a partir das 18.00 horas e recibirán un premio en metálico as catro parellas mellor clasificadas na xeral e as 4 da repesca. Recibirán os gañadores da xeral 1.200 puntos, con 500 para o segundo e 200 e 100 para o resto. Na repesca os premios serán de 500, 200 e dous de 100.

Os empresarios volven convocar o Mercado de Nadal

A Xunta Directiva da Asociación de Empresarios de Muimenta volverá convocar, un ano máis, o Mercado de Nadal de Muimenta, que alcanza a súa XIV edición e que comenza o vindeiro xoves 1 de decembro e rematará o xoves 5 de xaneiro do 2023 (en ambos días, celébrase a feira mensual da vila). Participarán un total de 28 negocios, repartíndose unhas 19.000 rifas entre os seus clientes.

Os premios serán 19 vales de cen euros cada un para aos donos das papeletas que coincida cos tres últimos números do primeiro premio da Lotería de Reis, que se celebrará o vindeiro venres 6 de xaneiro do 2023.

Ditos vales deben ser consumidos, coma sempre, nos negocios pertencentes ao colectivo empresarial, nos trinta días posteriores a súa entrega.

A Xunta di que adquirirá a Torre de Caldaloba e unificará a propiedade

A Xunta vai adquirir a Torre de Caldaloba, exercendo os dereitos que lle asigna o artigo 49 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia para a correcta protección dos Bens de Interese Cultural (BIC) como o citado.

“A Xunta apostou desde o primeiro momento pola unidade de acción na rehabilitación e conservación da torre, e a vía para garantir o éxito neste obxectivo é que pertenza a un único propietario”, di. Neste sentido, considera que a administración local, pola súa proximidade ao monumento, é a máis idónea para asumir esta función e desenvolve-la da forma máis axeitada e sostible. En consecuencia, a Consellería decidiu exercer o dereito de tanteo en beneficio do Concello en relación á adquisición do ben comunicada pola Deputación; no caso de que acreditase a súa adquisición, a Xunta exercerá o dereito de retracto.

A Xunta comunica á Deputación a súa decisión en resposta ao escrito no que esta lle notificaba o acordo de compra da parcela onde se sitúa un pozo e a metade da torre, tomado no mes de agosto. A norma autonómica sobre patrimonio cultural obriga a que calquera pretensión de transmisión onerosa da propiedade ou de calquera dereito real de disfrute dos Bens de Interese Cultural sexa posta en coñecemento da Xunta, para que poida exercer os dereitos de tanteo ou retracto.


O Goberno galego explica que todos os predios que conservan restos do antigo castelo e conforman o seu contorno deben ter un único titular, cara a unha correcta conservación do monumento e para garantir a xestión do mesmo desenvolvendo da forma debida a visita pública, a conservación preventiva e o mantemento continuo do monumento e do seu contorno.

Organizan en Muimenta unha xornada micolóxica para o día 13

A Asociación Aquilino Iglesia Alvaríño de Muimenta organiza unha xornada micolóxica que se celebrará o domingo 13 de novembro no local social do centro médico local. Unha cita que ten coma obxectivo coñecer e identificar os cogomelos da zona, virá guiada por José Castro, membro da Sociedade Micolóxica Lucus.

A sesión terá lugar de 10.00 a 13.00

horas e contará tamén cos aspectos básicos para a identificación de clasificación de cogomelos, principais grupos e especies e sobre as intoxicacións. As persoas que desexen apuntarse poden facelo na Mercería Teresa antes do 12 de novembro. O curso terá un prezo de 3 euros para persoas non socias porque para os membros do colectivo é gratuito.



constru fer

Saneamentos, construción
y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

MATERIAIS
DE CONSTRUCIÓN Y SANEAMENTO
PABLO RABADE PAREDES

BUSCAMOS PROPIEDADES EN VENTA

CHÁMANOS Ó 698119445

XATOBA XESTIÓN
A TUA INMOBILIARIA EN LUGO

José Pardo Lombao, reelixido presidente municipal do PP

José Pardo Lombao volve acadar o apoio da militancia do PP de Outeiro de Rei e revalida o cargo de presidente da agrupación local. O alcalde encabeza a única candidatura que se presentou ao cónclave e que reúne a un total de 27 persoas. Ademais do presidente, o comité conta con Begoña Seco como secretaria; oito vicesecretarios -catro homes e catro mulleres- e 17 vogais. María José Martínez é a responsable da vicesecretaría de servizos sociais e igualdade; Luis Alfonso Trigo, de novas tecnoloxías; Pilar Méndez, de deportes; Luis Varela, de desenvolvemento forestal; Tania Díaz Seijas, de educación e conciliación familiar; Paulino Corral de agricultura e gandería; Verónica Fernández de emprego e Jesús Fernández, de medio ambiente. José Yebra, José Daniel Román, José Veiga, Luisa Seijas, Antonio López, Manuel Fraga, Alfonso Vilanova, Diego González, Jesús Ferro, Pedro Díaz, Ana Barreiro, Beatriz Blanco, Fermín López, José Luis López, Ana María Vilariño, Germán Arias e Rubén Díaz son vogais.

O BNG defende humanizar o tramo urbano da N-VI en Madrid

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, anunciou durante unha visita ao Concello a presentación de iniciativas para coñecer a posición do executivo estatal sobre o proxecto de construción de vías de servizo a ambos lados da N-VI ao seu paso polo núcleo urbano. A fronte nacionalista reclama humanizar a estrada dotándola de beirarrúas, sendas peonís e dos dispositivos necesarios para a mellora da viaria como rotondas, semáforos ou sinalización adecuada. Alén do máis, o BNG demanda a transferencia, unha vez rematada a obra, da titularidade do tramo urbano ao municipio lugués. Durante a visita, o deputado estivo acompañado polos concelleiros da organización nacionalista no municipio, Elvira Lombao, Xosé Ferreiro e Rita Castedo, ademais da responsábel local, Lara Pita, o responsábel comarcal, Bernardo Valdés, e militantes e simpatizantes. O actual plan urbanístico do Concello de Outeiro de Rei contempla a construción de vías de servizo a



ambos lados da N-VI o que ocuparía un total de 56 metros de ancho e que suporía "dividir en dous a poboación e deixar a veciñanza sen alternativas de paso para atravesar dun lado a outro". Para a organización nacionalista, este plan vén a agravar aínda máis a situación posto que, ademais da separación, obrigaría a derrubar varios edificios públicos, á destrución de varias vivendas de particulares e afectaría a moitos solares que quedarían reducidos a un tamaño inservíbel.

MOCIÓN. Por outra banda, o BNG de Outeiro propuxo no último pleno que se tivera en conta á hora de cobrarlles o IBI ou o ICIO os investimentos que moitas familias fan en apostar polas enerxías verdes nas súas vivendas.

Propoñía que cando se instalasen nunha vivenda sistemas alternativos de enerxía, o Concello bonificase estes investimentos ata onde a lei permite, para que así o esforzo económico das familias fose menor.

Convocada a nova edición do concurso de postais de Nadal

Convocado por sétimo ano o Concurso de Postais Nadal 2022, no que poderán participar rapaces e rapazas da localidades ou que estuden nela. As categorías que se convocan son para pequenos de primeiro a terceiro de Primaria na primeira categoría, e os de cuarto a sexto, na segunda. Os traballos tratarán sobre o Nadal, valorarase a imaxinación, orixinalidade, colorido e calidade da execución, con atención á idade dos nenos e das nenas concursantes; terán que presentarse en formato 15X21 cm. Entre as tarxetas premiadas o Concello seleccionará a de maior puntuación para empregala como felicitación de Nadal. O prazo remata o 25 de novembro.

PENAS DE RODAS. A asociación cultural de Penas de Rodas ten previsto impartir este ano clases de gaita e percusión. Para isto, ten aberto o prazo de inscrición para as mesmas que rematará o 15 de novembro. As persoas interesadas poden contactar a través do correo electrónico penasderodas@yahoo.es.

Adxudican a obra das piscinas

A Xunta vén de adxudicar o proxecto para a construción de dúas piscinas públicas e un centro BTT para bicicletas de montaña, cun investimento total previsto de máis de 1,1 millóns de euros, do cal o 70% será achegado polo departamento galego e o 30% restante polo Goberno municipal. O obxectivo da intervención é dotar ao municipio lucense dunha nova área deportiva e recreativa que terá como elemento principal o complexo acuático e os servizos complementarios asociados. O ámbito de intervención correspóndese cunha parcela que ten

unha superficie aproximada de 2.688 metros cadrados, localizada en Santa Isabel, preto da área recreativa do mesmo nome ao carón do Miño. O primeiro paso será a adecuación dos terreos nos que se proxecta o complexo, para de seguido acometer a construción das instalacións previstas e a urbanización do entorno. A instalación central serán as dúas piscinas municipais ao aire libre, unha delas de uso infantil e a outra para adultos, que contarán con zonas destinadas a usos complementarios así como para aseos e vestiarios de uso público e área de enfermería.








'Fisterra' gaña o concurso de composicións musicais da casa-museo de Manuel María

Fisterra, da autoría de Saúl Aguado de Aza, composta sobre o poema homónimo de Manuel María, foi a canción lírica, para voz e piano, que resultou gañadora da primeira edición do Concurso Manuel María de Composicións Musicais da Casa-Museo Manuel María. O autor que levou un premio de mil euros en metálico, verá a súa composición editada xunto as obras das outras finalistas nunha publicación que será distribuída gratuitamente por todos os conservatorios de Galiza. A gala-concerto de entrega encadrouse ao redor do aniversario de Manuel María e contou coa pre-



senza do barítono Gabriel Alonso e o pianista Aurelio Viribay que interpretaron nunha primeira parte as cancións finalistas *Orballo de Teo Montero*, *A lúa de Saúl Aguado*, *Rosas de Teresa Bretal* e *Fisterra de Saúl*

Aguado. E nunha segunda parte presentaron en concerto o seu traballo *No Camiño*. Saúl Aguado é un compositor e pianista acompañante no Conservatorio Superior de Música de Madrid.

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 YILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com 982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

Muras prepárase para celebrar o 19 e 20 a Feira do Mel de Montaña

A Feira do Mel de Montaña de Muras volverá a fin de semana do 19 e 20 de novembro cunha nova edición. A que será a VII edición da feira e a VI da cata con actividades para todos os públicos. “Volverase facer unha feira coma a de antes”, subliñou o concelleiro socialista, Mario Rouco. Así, o sábado dará comezo o programa precisamente co concurso da calidade do mel, no colexio do Viveiró e con asistencia gratuíta ata completar aforo. Está previsto que participen 11 empresas apícolas de Muras.

Seguirá o relatorio de Jaime Cambra co título Control de Varroa en Apicultura Ecolóxica, a partir das 18.45 horas. Nunha carpa no colexio está prevista unha degustación de liscos e castañas a partir das 20.30 horas. Rematará a sesión do sábado cunha



actuación do dúo Eclipse, a partir das 21.00 horas.

O domingo será a vez da feira, que se iniciará ás 10.30 horas coa apertura de postos ata as 17.00 horas. Segundo Mario Rouco está prevista a participación de 9 postos de produtores de mel. Aos que se sumarán

haberá produtos de tempada, como cárnicas, queixo, castañas, licores e pan, entre outros.

Haberá un espazo destinado para os máis pequenos con actividades desde as 11.00 horas, que se repetirán á pola tarde. E para os maiores está prevista, ás 12:30 horas unha mostra de xantares e degustación a cargo de Lucía Freitas antes do xantar e pola tarde, ás 16:30, haberá un Showcooking de coctelería con mel, a cargo de Diego Mosquera, tamén na praza. Rematará a programación coa entrega de premios do concurso de calidade do Mel, na praza do Viveiró. Rouco indicou tamén que estará aberta a hostalaría local e contarán ademais cunha polbeira e un bar. Durante todo o día ademais haberá animación musical cunha charanga.

Ultiman a obra da praza da Galeguidade

A Deputación de Lugo ultima as obras de humanización da Praza da Galeguidade de Muras co estendido do formigonado, que se alongará durante 15 días, o que obrigará ao corte da vía durante este período, sempre e cando as condicións meteorolóxicas o permitan. Tendo en conta que os traballos comezaron o pasado mes de agosto, cumprírase co prazo de execución establecido, de tres meses.

A institución financia integramente con máis de 225.000€ esta actuación, a través dun convenio de colaboración co Concello de Muras. Grazas a estas obras, os veciños e veciñas da localidade contarán cun



novo espazo de convivencia, no que terán un maior protagonismo os peóns e que calmará o tráfico da zona. O proxecto inclúe a configuración dunha única plataforma de pedra e formigón que une as fachadas

dos edificios coa Alameda da Praza da Galeguidade, polo que se unifican estas dúas zonas e poderán transitar tanto os vehículos como os peóns. Elimínanse tamén os banzos actuais para mellorar en accesibilidade.

A Audiencia inhabilita ao exalcalde 9 anos

A sección segunda da Audiencia Provincial de Lugo inhabilitou ao exalcalde de Muras, Issam Alnagm Azzam, durante nove anos e medio para todo cargo público con facultades de contratación por cometer un delito continuado de prevaricación administrativa. O tribunal considera probado que entre 2012 e 2015 o acusado, na súa condición de rexedor municipal, subscribiu con diversas persoas contratos laborais de carácter temporal, “prescindindo total e absolutamente de calquera tipo de procedemento que garantise os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade para o acceso á función pública”. Ademais, salienta que o procedemento era inexistente, “sen publicidade das bases e con-

vocatoria”, e que a contratación era realizada “por el mesmo”.

Os xuíces aseguran que tiña “pleno coñecemento de actuar á marxe do ordenamento xurídico e vontade de facelo”, así como que sabía “que ocasionaba un resultado materialmente inxusto coa súa actuación”. O alcalde levou a cabo as contratacións, segundo a sentenza, “a pesar das advertencias da secretaria-interventora do Concello, quen llas realizou verbalmente e por escrito”. Os maxistrados sinalan que lle indicou que a Alcaldía era “un órgano incompetente para a súa realización, aclarando que o órgano habería de ser colexiado e que non podería o alcalde formar parte d por ser persoal político”.

O Concello reclama á Xunta a mellora do CEIP Antía Cal

O Concello de Muras vén de enviar á Conselleira de Educación un informe no que dá conta dos problemas que ten o CEIP Antía Cal e reclama a mellora das mesmas. Indica que hai un deterioro importante do tellado, con lousas soltas que teñen un perigo inminente de caída, de feito algunhas xa caeron. Hai tamén baixantes estrepeadas que provocan diferentes problemas no centro xa que moitas tamén están oxidadas.

O alcalde, Manuel Requeijo, explica que o centro foi feito no ano 1987 e durante estes anos non se volveu a facer obra no mesmo, “o único que



se fai son parcheos e vese claramente que está deteriorado”.

O dirixente municipal reclama “unha aportación para Muras porque temos a sensación de que temos que facelo todo nós”. En días pasados, o Concello realizou no centro unha serie de mellores na aula de Educación Infantil, xa que se pintou a aula e se lle deu un cambio de imaxe.

Carne Ecolóxica con Certificación Craega








LA TOMEA

CARNICERÍA

Carne de ternera eco




SUPERMERCADO DIA EN RÁBADE

Avda. A Coruña, 43 - 27370 Rábade. T: 982 390 355

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!







Reparaciones Carlos, s. l.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com

Celebran a terceira edición do certame Receitas de outono

O Concello organiza, a través da biblioteca Casa Habanera e o Servizo de educación familiar, a terceira edición das Receitas de Outono con poesía, co obxectivo de poñer en valor os produtos de tempada e a dinamización da lectura e escritura.

O prazo de participación será ata o vindeiro 21 de novembro. A proposta consistirá en elaborar unha receita con algún produto outonal, sacarlle unha foto e darlle un nome á elaboración. A continuación, deberá elaborarse un poema orixinal que teña por temática o outono e que conte cunha extensión mínima de 4 versos (1 estrofa) e máxima de 16 versos (4 estrofas).

Para poder participar é imprescindible enviar a foto da elaboración culinaria e o poema, ao correo electrónico biblioteca@concellodeguitiriz.com. Todos eles iran publicándose nas redes sociais do Concello de Guitiriz.

Unanimidade para reclamar a totalidade do servizo sanitario en Parga

O BNG acada a unanimidade da Cámara para solicitar ao Goberno do PP a fin dos recortes de persoal no centro de saúde de Parga, para que así volva contar cos mesmos efectivos que tiña antes da pandemia. En concreto, a Xunta suprimiu un dos dous médicos cos que contaba o centro para atender á veciñanza e eliminou un día de asistencia á semana. Deste modo, haberá atención médica e de enfermaría durante catro días á semana (de luns a xoves) contra os cinco que tiña antes da pandemia pero dous máis dos que anunciaron a pasada semana que ía ter a partir de agora.

A Deputación licita as obras da residencia por dous millóns de euros

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou este venres a licitación das obras para construír o Centro de Atención a Maiores de Guitiriz, cun orzamento de preto de 2 millóns de euros, coa previsión de que queden adxudicadas antes de final de ano. O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, destacou que o presidente da institución provincial, José Tomé Roca, "cumpre así co compromiso que avanzou durante o acto no que asinou coa Alcaldesa de Guitiriz o convenio de colaboración para a construción da residencia".

O orzamento sube un 30%, uns 450.000 euros máis, con respecto ó anterior proxecto, "un incremento importante que asume integramente a Deputación de Lugo", destacou o deputado, quen lembrou que a

institución tivo que reiniciar o proceso "practicamente de cero", despois de que un temporal provocara o colapso da Casa da Botica, o edificio no que estaba previsto albergar gran parte das instalacións.

Neste sentido, Rivera Capón sinalou que foi necesario resolver o contrato coa empresa adxudicataria das obras; redactar o novo proxecto cuxa licitación aprobou hoxe a Xunta de Goberno, que tivo que validar o servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia; e aprobar e firmar un novo convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello. "Foi un traballo arduo, que fixemos nun tempo creo que bastante razoable, e que demostra o compromiso absoluto que temos na Deputación co Concello e cos veciños e veciñas de Guitiriz para construír a tan ansiada residencia", destacou.

Lareira de Soños interésase pola licitación da restauración dos frescos dos Vilares

A asociación Lareira de Soños continúa esperando o inicio dos traballos de restauración dos frescos da igrexa das Vilares "tal e como se aprobara hai catro anos pola Comisión de Cultura do Parlamento Galego". Dilatouse a primeira sesión, que foi a reunión das partes (Igrexa, Concello e Deputación de Lugo) coa Xunta de Galicia para ver o xeito de iniciar o proceso de recuperación destas pinturas ao fresco do século XVI.

Coa licitación en marcha tras catro anos de xestión, a Lareira de soños enviou unha carta á Direc-

ción Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia preguntando polo estado da licitación da restauración das pinturas murais da igrexa de San Vicente dos Vilares que leva varios meses agardando pola resolución.

"Preguntamos tamén polos prazos previstos para o comezo dos traballos, a empresa seleccionada e as previsións de remate dunha actuación que levamos anos reclamando e alertando do seu estado de deterioro", indican.

Os frescos dos Vilares data. Do século XVI e Son unha importante obra pictórica.

Reciben unha achega para un punto limpo



O Concello destinará 252.491,6 euros para a creación dun punto limpo fixo no polígono, actuación que estará sufragada cunha subvención de 183.586,67 euros de fondos europeos.

O proxecto consiste na adecuación dunha parcela no polígono na que se executarán as obras precisas para a súa utilización como punto limpo fixo, que estará formado por unha caseta para o operario que o atenderá, unha báscula para pesar

os residuos e as propias instalacións para a xestión de residuos. A tipoloxía escollida para punto limpo é a de módulos prefabricados de formigón.

Consistirá nunha rampla que ascenderá a unha plataforma dende a cal se verterán os residuos aos contedores situados no chan.

Esta tipoloxía permite aproveitar o interior da plataforma para gardar os contedores dos residuos de menor volume

Convocan o concurso de curtas do Festival de cine de Roca

A asociación Xermolos e os veciños de Roca organiza tralo parón da pandemia unha nova edición do concurso de curtametraxes do Festival de cine de música de Roca, que vai ter lugar os días 25 e 26 de novembro na aldea de Roca, en Guitiriz.

Hai dúas categorías, unha de curtametraxes galegas e outra de fóra de Galicia, cun premio en metálico en cada categoría de 100 euros e un trofeo a cargo dun artesán da comarca. Neste certame o importante é a temática musical das curtametraxes, que é o que caracteriza o festival.

Entre os requisitos para participar figura que se trata de obras en galego ou castelán (en orixinal o subtituladas), a súa duración non podía exceder os 30 minutos e tiñan que

presentarse con copia en DVD ou a través de plataformas dixitais.

O prazo de presentación está limitado ao 16 de novembro e a obra gañadora recibirá un premio en metálico de 100 euros e un trofeo exclusivo.

O Festival de Cine de Música en Roca é un proxecto cultural organizado na aldea de Roca, no que durante dous días se proxectan películas, documentais e curtametraxes con temática musical, ó aire libre, e co obxectivo de dinamizar a vida cultural da aldea e arredores.

Normalmente esta cita cultural tiña lugar en xullo pero este ano adiouse a novembro. Este proxecto naceu arredor da Asociación cultural Xermolos inspirado na Mostra de Cine de Ascaso.



NOSOTROS ELEGIMOS
LA TIERRA

A segunda vida para a tecnoloxía do pasado

Pepe de Pígara dedícase dende hai 58 anos á restauración da maquinaria representativa do século XIX e XX nun museo que mantén aberto ao público na parroquia de Guitiriz e que leva no seu nome

Alá polo ano 1964 Pepe de Pígara atopou un anaco dun reloxo de sol fundido en chumbo e algo esperou dentro del. Arranxouno e converteuno na primeira peza dunha colección que agora, 58 despois, consta de máis de 300 pezas, a maioría obxectos de comezos dos sesenta, como motos, máquinas de coser, radios de lámpadas, un Seat Spider... todos eles teñen algo en común, son representativos da súa época, revolucionarios tecnoloxicamente na súa época. Todas estas pezas recuperaron unha segunda xuventude nas súas mans.

Pepe de Pígara, como o coñece todo o mundo, naceu como José Grandío González, na parroquia que leva o seu nome, fai 73 anos nunha familia labrega. A situación da época levouno, como moitos outros, á emigración, primeiro a Ferrol e logo a Barcelona, pero non perdeu a súa vinculación con esta zona de Guitiriz. Os primeiros anos dedicounos a traballar cando había tempo libre, aprendendo sobre a marcha e incluso facendo horas nun taller de restauración. Todo isto foi feito de forma autodidacta, "o que fixo que aprendera moito" porque a súa profesión non ten nada que ver.

Hai 18 anos, coa súa xubilación na man, regresou a Pígara e converteu a súa afección pola restauración de obxectos no seu motor de vida. Unha herdanza puxo nas súas mans unha finca na que edificou a súa vida actual, a súa residencia e máis un amplo espazo para expoñer as pezas que segue a restaurar día a día.

Como lle gusta sinalar, non se trata de comprar obxectos antigos, a súa afección consiste en darlles unha segunda vida. Aínda que non

fan o seu labor, si volveron todos a funcionar, agás, "unha que non me atrevo a poñer en marcha, unhas luces de carburo que van con gasolina e pode ser perigoso", explícanos.

Algúns deste aparellos tecnolóxicos do século pasado non poden facer o seu traballo porque falta algunha peza que xa non existe ou non se pode substituír.

Esta afección fóiselle complicando un pouco cando Pepe comezou co seu museo para expoñer as pezas. Aberto ao público, os interesados poden contar coa visita guiada que ofrece o restaurador, especialmente a grupos, onde explica como fixo a súa recuperación ou como era o seu funcionamento.

Dentro do museo de Pepe de Pígara poden atoparse todo tipo de obxectos, moitos deles verdadeiros descubrimentos para a mocidade actual, pero que foron no seu momento revolucionarios. O traballo diario de Pepe non só consiste en seguir traballando na seguinte peza, tamén require dunha supervisión constante das pezas que están en exposición, como facerlles o regulamento mantemento e a súa limpeza. "Eu téñoas á miña maneira, pero require estar coidando delas", explica.

As súas preferidas son os reloxos e as máquinas de coser, como nos asegura, algunha delas do século XIX que está en funcionamento. De feito, unha das pezas que garda con máis agarimo é unha máquina de coser americana que data do ano 1886.

Ten Pepe de Pígara unha ocupación solitaria, que implica como di "un traballo de moita paciencia". "A última hora da tarde, cando non teño xente por aquí é cando me centro



na restauración, moitas veces ata as tantas da noite".

Outra parte do seu traballo consiste en percorrer mercados e anticuarios na busca da seguinte peza á que dedicarlle o seu tempo. En moitas ocasións, son os propios coñecidos os que lle ofrecen algunha que as veces chama o seu interese.

Hai un grupo de pezas que causan sensación entre os visitantes, son os xoguetes dos avós. De feito, participou con estas pezas pequenas exposicións itinerantes pola comarca ou, as veces máis lonxe.

De todos os xeitos o traballo que realiza xa traspasou algunhas fronteiras e en moitas ocasións expón unha parte do seu traballo de restauración invitado por asociacións ou mesmo polo Concello. "Só movo unha parte porque trasladar toda a exposición sería moi complicado, xa que moitas das pezas non poden moverse a risco de romper", engade.

Ten feito en Guitiriz unha mostra de pezas de cousas antigas e tamén outra de xoguetes que tiveron unha gran aceptación

Agora, con 73 anos, busca un futuro para todo o seu traballo. "Gustaría-me que estivera nun sitio público para que o puidera apreciar quen quixera, porque aquí están nun lugar privado e vexo que a xente se retrae e as administracións parece que non se preocupan", explica. "Isto podería crecer moito máis, é unha mágoa", indica.



GEOCLIMA ST
CLIMATIZACIÓN - FRIO INDUSTRIAL
ENERGÍAS RENOVABLES - CALEFACCIÓN



INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO


REFRIGERACIÓN


CALEFACCIÓN


SOLAR TÉRMICA


BIOMASA

SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

📍 Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

☎ 982 814 147 / 636 462 063 🌐 www.geoclimast.com





VISITA NUESTRA WEB: www.my-bike.es

Rúa María Barbeito 2. Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es



JRoca
INMOBILIARIA



ROCA & PRADO
ABOGADOS

<p>Chao Ledo 1, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 110m² 77.000€ En la localidad de Vilalba (Lugo), a unos 30 minutos de Lugo y Ferrol, 45 minutos de Coruña y de la costa lucense, se vende piso céntrico de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina y ascensor.</p>
<p>Basanta Silva 4, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 130m² 115.000€ En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, de 3 habitaciones, sala amplia, dos baños, cocina y garaje. Dispone de calefacción individual y ascensor. La vivienda tiene orientación sur.</p>
<p>Betanzos 5, Vilalba Casa / Chalet Adosado 2 Dorm 1 Baño 144m² 30.000€ En la localidad de Vilalba (Lugo), se ofrece en venta una vivienda unifamiliar, a reformar, en la que hay un garaje de 46 metros y dos plantas de 49 metros cada una.</p>
<p>Porta de Cima, Vilalba Piso 2 Dorm 1 Baño 75m² 35.000€ En Vilalba (Lugo), se ofrece en venta piso de dos dormitorios y sala, un baño y cocina. Se trata de un piso segundo sin ascensor. La vivienda se encuentra en un edificio situado en una calle tranquila, a escasos metros del centro.</p>
<p>Porta de Cima, Vilalba Ático 1 Dorm 1 Baño 48m² 15.000€ En Vilalba (Lugo), se ofrece en venta un ático de una habitación y sala, un baño y cocina. Se trata de una planta tercera sin ascensor. Dentro de la vivienda hay un pequeño trastero. La vivienda se ubica en un edificio situado en una calle tranquila a escasos metros del centro.</p>
<p>Porta de Cima 37, Vilalba Local 65m² 30.000€ En la localidad de Vilalba (Lugo), en concreto en la calle Porta de Cima, se vende local a pie de calle de unos 57 metros cuadrados útiles. Dispone de un baño.</p>
<p>Matadero s/n, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 2.544m² 65.000€ En Vilalba (Lugo), ofrecemos un terreno de 2.500 metros, en el que se pueden construir dos viviendas unifamiliares, de planta baja y piso.</p>
<p>Cidade de Lugo 16, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 105m² 130.000€ En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso de tres habitaciones, cocina-salón, dos baños, uno de ellos con jacuzzi. Dispone de calefacción individual, ascensor, plaza de garaje muy amplia y dos trasteros, uno al lado de la plaza de garaje y otro en el bajo cubierta. El piso se vende con los muebles.</p>
<p>Zona de los Freires, Vilalba Parcela edificable 1.800m² 45.000€ En Vilalba (Lugo), zona de los Freires, se vende parcela edificable de 1.800 metros cuadrados, en la que se puede edificar una vivienda unifamiliar.</p>
<p>Xosé María Chao Ledo, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 110m² 80.000€ En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso céntrico, de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas, ascensor y un trastero.</p>
<p>Grupo das Fontiñas, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 114m² 62.000€ En Vilalba (Lugo), en las proximidades de los colegios, ofrecemos en venta un piso de cuatro dormitorios, salón-comedor, dos baños y cocina. Dispone de calefacción individual de gas y de garaje en el mismo edificio. Se trata de un piso segundo sin ascensor.</p>

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
 Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
 Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
 Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

Queixas pola falta de médico e o retraso nas consultas

Os problemas coa asistencia médica nos concellos do rural de Galicia chegaron tamén ata a Pastoriza. O equipo de Goberno fíxose eco das numerosas queixas das veciñas e veciños pola situación do Centro de Saúde da localidade “no que só hai un médico traballando ao non cubrirse as baixas de persoal que existen”, di o alcalde da Pastoriza, Primitivo Iglesias Sierra.

Segundo explicou o mandatario, púxose en contacto coa Xefa Territorial de Sanidade para expresarlle o profundo malestar por un funcionamento moi deficitario dun servizo esencial demandando que con carácter de urxencia se cubran as baixas médicas.



“A día de hoxe, a pesar da profesionalidade das/os traballadores/as, as citas médicas dábanse como moi pronto para a vindeira semana”, engade o alcalde.

Esta situación de retraso estase a producir en numerosos concellos,

que nalgúns ocasións quedan algún día sen médico. As baixas e as xubilacións teñen moito que ver con esta situación que preocupa á veciñanza. Xa houbo protestas noutros concellos da comarca como Xermade ou Abadín, entre outros.

EN BREVE

TUTE. O teleclub da Rigueira acollerá o día 19 de novembro, ás 21.00 horas un campionato de Tute organizado pola asociación veciñal en homenaxe á campañeira Manuel Teijeiro. A inscrición para esta sesión está aberta e ten un prezo de 40 euros por parella, prezo no que se inclúe tamén a cea. As persoas interesadas en participar poden facelo chamando ao teléfono 600 573 331 (Celeiro). Os premios irán en consonancia co volume da inscrición.

MICOLOXÍA. O Concello da Pastoriza organiza un curso de iniciación á micoloxía que se impartirá o sábado 19 de novembro no teleclub da Rigueira. A sesión terá lugar entre as 10.00 e as 14.00 horas e constará dunha parte teórica de unha hora e media de duración cunha presentación audiovisual. Complatarase coa sesión práctica con saída ao campo, cunha duración de dúas horas e media, na que se fará unha interpretación do conceptos explicaods na parte teórica. As persoas interesadas en participar poderán facelo no teléfono 610 849 704 (Montse) ou 696 213 415 (Mariluz). As prazas son limitadas e o curso gratuíto.

CLUB DE LECTURA. O club de lectura Entre Liñas segue coas xuntanzas vinculadas á lectura e nesta ocasión, Antía Yáñez visitará o club. Será o sábado 19 de outubro, ás 21.00 horas no Fogar de Maeloc, para recibir á escritora de *Non penses nun elefante rosa*. Nesta obra, Antía trata, cun extraordinario sentido do humor, o tema da saúde mental. As páxinas son divertidas, atrevidas, profundas, politicamente incorrectas e vertixinosas.


Escollidos os gañadores do concurso de tapas da Pastoriza

A VIII edición da Ruta das Tapas, celebrada a fin de semana do 28 ao 30 de outubro organizada pola asociación de comerciantes local, Asapa, baixo o cancelo #SaboreApastoriza xa ten a listaxe de gañadores. O primeiro premio, dotado con 270 euros foi para Marcos Acebedo e o segundo, de 135 para Cándido Cabado. En terceiro lugar, con 65 euros de recompensa quedou Icíá Capón. Ademais o vale de 50 euros do súper A Pastoriza foi para Noelia Campo e o do súper Atlántico para Sofía Rodríguez Amoroso. Tamén se repartiron tres vales máis de 50 euros tamén, o de Gasóleos

O Acebreiro foi para Jéssica Lourés, o do Curso de Condución PTC para José María Folgueira e o de tiro con arco para María José Díaz Irimia. Nesta ocasión participaron na ruta once locais, 1 máis que o ano pasado, 5 de Pastoriza (O Cruceiro, Xarope, Brétema, a Casa da Cultura) e 4 en Bretoña (Tropical, Eskina, Luciano e Casa da Luz), ademais de Taberna Germán da Reigosa, Carrizal da Rigueira e Taberna Molareda de San Cosme. Vendéronse a un prezo de 2 euros e houbo servizo de bus o sábado con saídas da Pastoriza a intervalos de 45 minutos.

Nazaret Díaz gaña o premio de fotografía Muller Rural

Rematou na Pastoriza o tradicional Concurso de Fotografía Muller Rural, que este ano chegou á IV edición. A gañadora foi Nazaret Díaz, que fotografiou a súa avoa Eloína apañando castañas. Unha boa foto en pleno mes de outubro, o mes de transición entre o verán e o frío, e por excelencia o mes das castañas. A fotografía foi a gañadora polo voto do público a través da rede social de Facebook onde se subiron as 45 que participaron nesta edición e que recollían diferentes momentos e accións das mulleres no mundo rural, O Concello fixo entrega do agasallo á gañadora e á modelo da fotografía, unha cesta de produtos da zona.



PROGRAMACIÓN CULTURAL

NOVIEMBRE 2022



4 VENRES

• A. M. ALOVI 21.00 h +12 100'

TEATRO

CONTRAPRODUCCIÓN —
CIGARREIRAS

Rede Galega de teatros e auditorios do Agadic

aspones.sacatuentrada.es

6 DOMINGO

• MONTE CAXADO 10.00 h TP *

BAILE

I TROFEO BAILE DEPORTIVO

CAMPIONATO GALEGO DE LATINOS
E CAMPIONATO GALEGO DE BAILES
CARIBEÑOS

• Pavillón do CEIP Monte Caxado
* A partir das 10.00h durante todo o día

19 SÁBADO

• A. M. ALOVI 19.00h TP 90'

MÚSICA

BORJA QUIZA — A EMIGRACIÓN
GALEGA, CANCIÓNS DE IDA E
VOLTA

aspones.sacatuentrada.es

5 SÁBADO

• A. M. ALOVI 19.30 h TP 90'

MÚSICA CORAIS

CONCERTO DE OUTONO VILA
DAS PONTES 2022

Coral S. Esteban de Negros — Redondela /
Coral polifónica — Foz / Agrupación Coral
— As Pontes

10 XOVES

• CASA DOPEZO 18.00 h +3 45'

TÍTERES

TARABELOS — SABELA E O
PAXARO MÁXICO

Rede Cultural da Deputación

Entrada de balde previa inscrición na
biblioteca municipal

23 MÉRCORES

• CASA DOPEZO 19.00 h TP 60'

MÚSICA

STA. ICÍA — CONCERTO
DO PROFESORADO DO
CONSERVATORIO



VENDA ANTICIPADA

<https://aspones.sacatuentrada.es>

VENDA EN TAQUILLA DO ALOVI

Aberto só os días do espectáculo
desde unha hora antes do comezo
do mesmo e peche 15 minutos
antes do inicio da función.

+INFO — www.aspones.org

11 VENRES

• CASA DOPEZO 21.00 h TP 60'

RECITAL POÉTICO
GRUPO ALALÁ

• A. M. ALOVI 21.00 h +12 80'

TEATRO DE IMPROVISACIÓN

GALLAECIA EVENTOS —
COLECCIONISTAS. A ARTE
FEITA COMEDIA

Rede Galega de teatros e auditorios do Agadic

aspones.sacatuentrada.es

24 XOVES

• A. M. ALOVI 12.00 h ESC. 50'

MÚSICA E CLOWN

N+1 CUARTETO ALICERCE —
DIVERTIMENTOS

Concerto para escolares

• CASA DOPEZO 18.00 h +5 45'

CONTACONTOS

RAQUEL QUEIZÁS — CINEMA DE
HISTORIAS

Entrada de balde previa inscrición na
biblioteca municipal

26 SÁBADO

• A. M. ALOVI 12.00 h TP 60'

MÚSICA

STA. ICÍA — GRUPOS OS
FEROCES E NO COMBARO /
E.M. DE ACORDEÓNS

• A. M. ALOVI 18.30 h TP 90'

MÚSICA

STA. ICÍA — RONDALLA VILA
DAS PONTES, BANDA DE
MÚSICA XUVENIL, BANDA C.
R. DAS PONTES E BANDA DE
GAITAS DA ESCOLA MUNICIPAL

12 SÁBADO

• A. M. ALOVI 19.00h +12 60'

TEATRO — ÓPERA

O REFLEXO. UNHA HOMENAXE
A EMILIA PARDO BAZÁN

aspones.sacatuentrada.es

25 VENRES

• A. M. ALOVI 21.00 h +16 75'

TEATRO

DESTEXEITO PRODUCCIÓN —
FEMINISSIMAS

DÍA I. CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
Rede Galega de teatros e auditorios do Agadic


aspones.sacatuentrada.es

27 DOMINGO

• RIBADEUME 13.00 h TP 90'

MÚSICA

MISA E OFRENDA FLORAL DE
STA. ICÍA CO CONCERTO DO
GRUPO CANAVELLA



Alba Sinde preséntase como candidata á Alcaldía polo PSOE

Alba Sinde Paz é a nova candidata do Partido Socialista á Alcaldía de Castro de Rei. O Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo, José Tomé Roca, acompañou á alcaldable na súa presentación durante un encontro con compañeiros e compañeiras socialistas do municipio celebrado no castro de Viladonga no que tamén participou a Secretaria de Organización provincial, Pilar García Porto.

“Hoxe é un día moi fermoso para o Partido Socialista e para min como Secretario Xeral na provincia porque presentamos á nosa

candidata ás eleccións municipais” en Castro de Rei, subliñou José Tomé, incidindo en que “a ilusión, as ganas e a preparación” de Alba Sinde “abren unha oportunidade” para este municipio.

Alba Sinde, de 21 anos de idade e estudante de último curso de Ciencias Políticas, “ten a ilusión de cambiar o seu pobo, quere estar cerca da xente, escoitar os seus problemas, e darlle unha oportunidade a Castro de Rei porque é evidente que ata o de agora está paralizado”, asegurou o Secretario provincial.

O derrubamento dunha árbore destroza o Peto das Ánimas



As fortes rachas de vento da Borrasca Beatrice, arrasaron na súa totalidade o peto de ánimas de Balmonte, ao tirar o vento unha árbore de grandes dimensións situada nas inmediacións do monumento, provocando o levantamento do mesmo e a súa destrución total. O peto de ánimas de Balmonte, situado nas inmediacións do Cemiterio Parroquial, era un elemento de culto moi antigo, estaba construído con laxes de pizarra e con forma de altar, rematado en tres pingantes de granito, sendo unha manifestación material moi antiga de rendir culto aos mortos e expresar dalgunha maneira a devoción relixiosa, e tamén constituía unha mostra da arquitectura e arte popular moi representativa

da crenza e devoción para as xentes da zona. No Concello de Castro de Rei, era o máis importante dos dous que se conservan, xunto co de Dumpín “polo que este suceso foi unha grande perda”, di o alcalde, Francisco Balado.

Dende o Concello pediron á Deputación Provincial de Lugo que acometa as labores de restauración do mesmo, xa que a última intervención levada a cabo nel, tramitouse cun convenio de colaboración entre o Centrad e o Bispado de Mondoñedo-Ferrol, no ano 2014 a través dos restauradores do Museo Provincial, polo que “dende o Concello queremos que se rehabilite na súa totalidade para evitar a súa perda como elemento patrimonial e relixioso”, din.

Instalan parques biosaudables nas parroquias de Ludrio e Dumpín

O Concello está a instalar dous parques de elementos biosaudables nas parroquias de Ludrio e Dumpín. Ambas actuacións foron subvencionadas ó abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, convocatoria (2021-2022) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con un orzamento de 35.000 euros (incluídos honorarios de redacción de proxecto) dos que 29.789 euros proceden da achega da Xunta e a cantidade restante de fondos propios do Concello de Castro de Rei.

A actuación, que se ubica en 2 fincas de titularidade municipal, nas parroquias de Ludrio e Dumpín, consistiu na instalación de 8 elementos en cada unha das parcelas, colocados sobre unha zona pavimentada na que se destaca a súa impermeabilidade e o seu aspecto natural o que evita o encharcamento do chan nas zonas de práctica de exercicios, empregando un deseño en concordancia



co espazo da zona verde de cada parcela coa finalidade de lograr unha distribución homoxénea e un percorrido ideal para o seu uso e disfrute. No caso de Dumpín optouse por facer un trazado agrupado entre os elementos e o pavimento de lousas que dá acceso á escola, en tanto que na parcela de Ludrio proxectouse un trazado cíclico acorde co entorno da parcela e adaptado á pendente do terreo. Esta actuación súmase a outras 5 realizadas en anos anteriores que permitiron instalar parques de ele-

mentos biosaudables en Castro de Rei, Castro Riberiras de Lea, Ponte de Outeiro, Pacios e San Xiao de Mos. Dende o Concello optouse por instalar este tipo de elementos coa finalidade de que os veciños e veciñas das respectivas zonas poidan realizar un exercicio físico completo adaptado e seguro, facilitando a realización de exercicios dinámicos e realizando exercicios saudables para a saúde cardiovascular das persoas maiores, así como a mellora da flexibilidade e mobilidade articular.

Castro de Rei contará cun novo caixeiro na oficina de Correos

O Concello de Castro de Rei está a xestionar a instalación dun caixeiro automático na vila de Castro de Rei dende o mes de maio, a través dun convenio asinado coa Sociedade Estatal Correos e Telégrafos SA.

A ubicación prevista será a da oficina de correos da vila, de titularidade municipal sendo este o edificio elixido por contar con todas as conexións para o seu funcionamento.

Entre as obrigas das partes, o Concello asumirá a cesión do local, o consumo eléctrico e os gastos de contraprestación, en tanto que Correos asume a instalación e mantemento interno do caixeiro.

Actualmente a instalación do mesmo está pendente da autorización do servizo de patrimonio cultural, xa que a ubicación que se pretende levar a cabo atópase dentro do

conxunto histórico-artístico de Castro de Rei, e ademais nun edificio catalogado como é o da antiga escola. O caixeiro previsto permitirá realizar as operacións bancarias máis solicitadas como retirar saldos, facer ingresos e incluso xestionar recibos de tributos e taxas locais ou doutras administracións a través da oficina de correos, ofrecendo servizos complementarios e distintos aos que dispensan os caixeiros convencionais “Dende o Concello levabamos dous anos intentando conseguir a instalación dun caixeiro, contactando incluso con varias entidades bancarias polo que con esta modalidade poderemos ofrecer un servizo que terá boa acollida entre a veciñanza e permitirá realizar as xestións bancarias máis demandadas”, explica o seu alcalde, Francisco Balado.

EN BREVE

GALIÑA DE MOS. Varios criadores da comarca de Galiña de Mos resultaron premiados no VII Concurso Monográfico provincial. Distribuídos en dúas categorías, en galiñas o primeiro premio foi para Luis Fernández Fernández, de Riotorto, ao que seguiron José Zapata Sánchez, de Castro de Rei, e José Luis Freire Castedo, de Pol. Ademais, na categoría de galos o primeiro foi para Beatriz Canto Edrosa, de Castro de Rei, como gañadora, seguida de polense José Luis Freire Castedo e de Gonzalo Rodríguez Lamblín, de Pantón.

EXCURSIÓN. O próximo domingo 27 de novembro a Asociación Amigos da Feira de Castro recupera a excursión anual, esta vez por distintos espazos do municipio asturiano de Taramundi, concretamente pola vila do mesmo nome, o Conxunto Etnográfico de Teixois, o Museo de La Cuchillería e unha queixería. Hai 50 prazas que se asignarán por orde de inscrición, que pode facerse ata o 20 de novembro.

O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel. 982516150

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA – SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 – 982 523 601
619 41 53 56 – 650 61 12 60
ALÉN

O PP propón o nomeamento de José Mouriño Cuba como fillo predilecto

O PP propón que o Concello nomee Fillo Predilecto a Don José Mouriño Cuba. Así o trasladaron a través dun rogo no último pleno da corporación municipal ao considerar ao biólogo e enxeñeiro técnico agrícola natural de Ameixido, na parroquia de Santo André de Lousada, merecedor da máxima distinción que pode conceder un Concello por ser “un gran impulsor do proceso de industrialización agroalimentaria en Galicia” e que, ademais, “sempre levou o nome de Xermade e a súa defensa por tódolos sitios”. Nese sentido, instan ao goberno local a promover e tramitar a declaración de Fillo Predilecto.

CASA NIÑO. O PP valora positivamente a casa niño que está a funcionar financiada pola Xunta. Nesa liña, para cubrir a demanda considera axeitado dispoñer doutra casa niño coa que ofrecer o servizo a máis de 5 menores de 3 anos e propuxo que se localice, preferiblemente, na zona norte do municipio para cubrir o territorio e diminuír os desprazamentos dos usuarios.

A Invernada de Cine de Cabreiros arranca con cinco proxeccións

A casa escola de Cabreiros volverá ser sede este outono da Invernada de Cine, que este ano chega á súa décima edición con proxeccións durante os meses de novembro e decembro.

O programa contará con cinco proxeccións que este ano comencarán un pouco máis tarde, xa que non haberá a finais de outubro como outros anos.

O programa abriuse o 5 de novembro coa proxección do documental *A mestra da Escola*, presentado pola súa directora.

Continuarán o 19 de novembro, á mesma hora, co film *A Virxe Roxa*, tamén presentado polo seu director. Documental que narra o asesinato de Hildegart Rodríguez a mans da súa nai Aurora. En 1933 Aurora Rodríguez mata a tiros á súa propia filla Hildegart, mentres esta dormía. A moza, con só 18 anos, era unha das feministas máis destacadas da Segunda República Española. Pero tamén era un produto perfectamente calculado e deseñado pola



súa nai para que fose a liberadora da muller. Os plans de Aurora non saíron como estaba previsto.

Contaba morrer, do monologuista e contacontos Lois Pérez, será a proxección que se fará o 3 de decembro. Esta peza sintetiza moi ben a relación dos galegos e as galegas coa morte, e pon de manifesto certa retranscrición. Todo o mundo conta morrer, pero non sempre se lle pon nome.

O espectáculo reflicte o optimismo trágico que nos caracteriza aos galegos e as galegas. Haberá unha parte

de narración oral, que será o grosso da proposta, na que confluirán distintas historias, e na parte final, poesía...

O 17 de decembro toca sesión infantil con Teatro Infantil Ghazafellos e a peza *Iriña Bailarina*. Un pirata, un xogador de fútbol, unha bailarina de caixiña de música e un único desexo; xogar sen límites para medrar sen “medidas”.

Ghazafellos propón reflexionar sobre a igualdade de xénero, o cambio de roles ou os estereotipos sociais. *Iriña bailarina* esculca na ruptura de roles convencionais a través dunha bailarina que vive nunha caixa de música e que debece por poder saír do espazo que a anoa a dar voltas sen cesar para poder xogar ao fútbol.

Rematará a invernada o día 30, ás 19.30 horas con outro espectáculo infantil, neste caso Peter Punk *Punkdemia*. Peter Punk convértese no doutor Punkdemia, con un espectáculo viral no que ofrece a súa particular visión da Pandemia.

Aprobado o cambio de titularidade de 2 treitos de estradas

O Consello da Xunta autorizou o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Xermade dun treito antigo da estrada autonómica LU-170, que comunica Parga e Cabreiros; e dun treito antigo da LU-861, que une Vilalba ata o límite da provincia en Igrexafoeita. Ambos os dous treitos transfírense xunto co seu dominio público viario asociado.

Concretamente, transfírense a titularidade do treito antigo da LU-170, con inicio no punto quilométrico 28+960 da marxe dereita da actual LU-170 e ata o quilómetro 15+510 da marxe esquerda da LU-861, cunha lonxitude de 611 metros aproximadamente, ademais dos 12.189 m2 de superficie do seu dominio público. Tamén se transfírense o treito antigo da LU-861, na súa marxe esquerda, entre o punto quilométrico 16+020 e o 16+140, cunha lonxitude aproximada de 130 metros, e a superficie do seu dominio público asociado, 2.553 m2.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

 Anuncio para Hijos de Ramón Rubal, un aserradero e aproveitamento forestal. O fondo da imaxe é un bosque de pinos e eucaliptos con luz solar filtrándose entre os árbores.

COMPRAMOS MADERA PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

Hijos de Ramón Rubal

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

O Concello proxecta un parque de vivendas para alugueiro social

O Concello de Begonte está a traballar na posta en marcha dun parque de vivendas para alugueiro social enmarcado dentro do programa de axuda social e emerxencia.

Con esta fin, recentemente rematouse a rehabilitación da antiga escola de Saavedra, que xa foi rehabilitada complementamente e amoblada. Ademais, como informan dende o Concello, en breve poñeranse en marcha dúas vivendas máis na parroquia de Donalbai co mesmo fin social. Para que este proxecto sexa unha realidade, o Concello de Begonte e a Xunta de Galicia, que financia o 80% dos proxectos mediante obradoiros de emprego e subvencións, traballan en conxunto.

OBRAS ESTRADAS. O alcalde de Begonte, José Ulla, e o tenente de Alcalde, Luis Luaña, supervisaron o comezo das obras de mellora do firme da estrada que vai dende a LU-P0802 en Begonte, ata o Cinturón comarcal, LU-P1611, atravesando pola parroquia de Viris.

Esta actuación consiste na rexeneración integral da vía con mezcla bituminosa de aglomerado en quente. O custe da obra ascende a case 90000 Euros que son financiados pola Xunta de Galicia e o Concello.

“Con esta actuación conseguimos unha mellora na seguridade e no confort para todos os usuarios de dita estrada”, explica José Ulla.

Esta obra forma parte do plan de mellora do plan de estradas municipais, “co que queremos mellorar as vías principais que vertebran o noso concello con aglomerado en quente”, engade.

“Así tamén trasladaremos a Depu-



tación Provincial a necesidade de unha rexeneración integral da estrada Provincial LU-P0802 de Begonte a Santalla, que xa provocou queixas veciñais, dos veciños de Donalbai, Senande e Santalla, que xa lle foron trasladadas o deputado delegado de Obras, José Tomé”, afirma.

EMPRESA. O Consello da Xunta de-

clarou como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto co que pretenden impulsar unha planta de produción de metanol verde en Begonte. Unha proposta que, de poder materializarse, suporía un investimento de máis de 500 millóns de euros e permitiría producir, anualmente, 100.000 toneladas deste recurso enerxético.

O novo ximnasio municipal estará rematado este mes

O alcalde de Begonte, José Ulla, anunciou que a construción do ximnasio municipal nas instalacións que ten non centro sociocultural da vila, concretamente fronte ao centro de saúde, rematará este mes. Con este nova infraestrutura créase así un entorno deportivo na zona, xa que esta conta con pista de pádel e outras instalacións que teñen en previsión situar na zona.

A obra do ximnasio estase a levar a cabo cunha subvención da Xunta de Galicia e fondos propios do

Concello de Begonte investindo un total de 100.000 euros.

O baixo do centro sociocultural estaba ocupado pola escola de música, que se trasladou ao antigo colexio de Baamonde, polo que o ximnasio ocupa esta zona. Tamén se trasladan as aulas de pintura a unha das antigas vivendas de profesores que se están acondicionando na zona.

O proxecto de obra contempla a unificación de toda a planta nunha gran sala duns 180 metros cadrados.

Rematan as obras de mellora da fonte de San Bieito de Palermo



Remataron as obras de acondicionamento da fonte de San Bieito de Palermo, levadas a cabo polo Concello de Begonte, nesta infraestrutura patrimonial ubicada na parroquia de Baldomar. As obras consistiron na limpeza da fonte e a eliminación dos caños existentes de aceiro inoxidable, que foron substituídos por uns de pedra. Tamén revestíuse en pedra a zona da pileta, para, deste xeito, evitar fugas e mellorar a estanqueidade.

Así mesmo colocáronse columnas e vigas transversais e fíxose unha solera que rodea a fonte e o lavadoiro que está situado ao lado.

A obras contou cun orzamento de case 20.000 euros co obxectivo de poñer en valor unha estrutura de pedra que data de 1881, situada ao pé da nacional VI e lugar de peregrinación para a veciñanza. Esta fonte, coñecida tamén como o San Bieito Negro, tamén acolle unha romaría popular.

Begonte recupera o seu magosto o día 12 de novembro

Este ano retómase o tradicional magosto popular, que se celebrará o sábado día 12 de novembro a partir das 21.30 horas no Pavillón Municipal de Begonte (CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño), na que será a VIII edición.

Os asistentes poderán desfrutar dunha cea con empanada, xamón cocido, liscos, postre, castañas e viño. Ademais, a noite estará amenizada musicalmente.

O prezo das entradas será de 6 euros para os veciños de Begonte

e de 12 para o resto. Para acudir será imprescindible retirar a entrada previamente nas dependencias do Concello a partir do luns 24 de outubro e antes do martes 8 de novembro.



Charanga LUGO

Avd de la coruña 39, lugo 648.739.473

OPTICALIA CALLAO

- Más de 45 años trabajando por tu salud visual y tu imagen...
- Estudios optométricos avanzados
- Gratificación
- Biomicroscopía (examen con lámpara de hendidura)
- Tonometría (tensión ocular)
- Retinografía
- Audiología
- Garantía de adaptación
- Financiación gratuita

LUGO | FERROL | AS PONTES | NARON | ORTIGUEIRA
www.opticaliacallao.com

O CEIP intégrase no proxecto solidario Ningún aro sen rede



O director da Fundación Breogán, Salva Arco e a directora da UNED de Lugo, Ana Traseira, visitaron o CEIP Otero Pedrayo de Rábade dentro do Proxecto, Ningún Aro sen Rede.

Agora mesmo nas canastras do CEIP Otero Pedrayo de Rábade, locen as novas #econets de Ecoballution.

O centro é o primeiro, fóra do Concello de Lugo, que se suma a esta campaña da Fundación Breogán, xunto coa UNED Lugo e Ecoballution, en prol da reciclaxe e da economía circular.

Xa se poden empezar a empregar o contedor de reciclaxe de aparellos de escritura para xerar puntos que se monetizan en diñeiro destinado a fins sociais e por tanto a promover este fermoso Proxecto. No pequeno acto de entrega es-

tiveron presentes o director da Fundación, Salva Arco, que lles explicou ós nenos/as presentes en que consiste, como funcionan, como se obteñen as redes de Ecoballution e como naceu o proxecto, pola súa parte a directora da UNED, transmitiulles a importancia da reciclaxe e da economía circular; e a súa profesora de educación física, Sara Ferreiro. Xuntos comprobaron que as redes de Ecoballution funcionan á perfección mediante un reto entre a rapazada de 5º e 6º de primaria no que se repartiron premios aos primeiros/as en anotar dúas canastras seguidas.

O proxecto Ningún Aro sen Rede ten como principais fins promover os valores do deporte e do desenvolvemento sostible entre a rapazada.

A delincuencia descende na vila un 35 por cento

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, e o alcalde de Rábade, Franciso Xosé Fernández, copresidiron a Xunta Local de seguridade do municipio, que se reuniu para analizar a situación da seguridade cidadá e estudar os resultados dos Plans operativos da Secretaría de Estado de Seguridade. A xuntanza tivo lugar esta mañá na Casa do Concello e contou coa participación, tamén, de representantes da Garda Civil, o Subsector de Tráfico e a Policía Autonómica.

Isabel Rodríguez mostrouse satisfeita polo descenso da criminalidade no concello de Rábade, tal e como indican as estatísticas da Garda Civil. Concretamente, explicou que os datos amosan unha clara tendencia positiva ao reducirse un 35,6% o número de delitos que se produciron no municipio, pasando de 73 infraccións penais no 2019, ano prepandemia, a 47 no 2021.

A subdelegada felicitou á Garda Civil polo seu extraordinario labor e ani-

mouna a proseguir na mesma liña de traballo porque "os datos son favorables, pero non hai que darse por satisfeitos nin baixar a garda cando se trata da seguridade das persoas". Así, avanzou que o 2021 foi un gran ano en materia de seguridade no concello de Rábade, pois tamén descendieron os delitos graves e menos graves ao pasar de 49 a 24, entre eles os delitos contra o patrimonio, as persoas, a liberdade sexual, a seguridade colectiva e orde público. Ademais, os axentes da Garda Civil detiveron a 8 persoas o ano pasado pola súa presunta implicación en feitos constitutivos de delitos e investigou a outras 3 persoas.

Por outra banda, a subdelegada do Goberno tamén chamou a atención sobre a situación da violencia de xénero e informou de que, no que levamos de ano, rexistráronse en Rábade 5 denuncias por este motivo. Ademais, destacou que nos tres últimos anos non se produciu ningunha denuncia por quebrantamento.

Novo concurso de postais

O Concello de Rábade convoca o XVI Concurso de Postais Navideñas 2022, no que poderá participar calquera neno ou nena interesado de entre 3 e 14 anos en tres categorías. A categoría A comprende os debuxos dos nenos entre 3 e 5 anos, a categoría B de 6 a 9 anos e a categoría C de 10 a 14 anos.

Os debuxos gañadores serán os elixidos coma a Postal Navideña do Concello para felicitar o Nadal a todos os veciños.

O tema do debuxo será libre, coa necesaria incorporación de referencias ao Nadal. Os concursantes poderán empregar calquera técnica sobre o material que estimen oportuno (pa-

pel, cartón...) en formato A4, sen enmarcar e aportando o orixinal.

Os premios por categoría serán para o primeiro un vale de 60 euros, o segundo un vale de 40 euros e o terceiro outro vale de 20 euros. Estes deberán ser usados no comercio de Rábade.

A data tope para a entrega do debuxo será o 30 de novembro. Os traballos gañadores utilizaranse para a felicitación oficial do Concello.

PROGRAMA DE VISITAS DAS ANPAS A PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO NO RURAL



Abadín recibe unha axuda para a compra de maquinaria de prevención de lumes

A Xunta colabora co Concello na adquisición dunha motoniveladora e o acondicionamento de accesos nas parroquias de Candia e Seivane de Vilarente. O delegado territorial do Goberno galego, Javier Arias, acompañado do alcalde, José María López Rancaño, comprobou a nova maquinaria, que acaba de ser recibida pola entidade local. Arias explicou que as actuacións reciben 271.000 euros da Administración autonómica con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental (FCA). “Este equipamento destinarase á realización de tarefas de prevención de incendios e inundacións en todo o termo de Abadín, que conta cunha extensa rede de camiños e pistas”, apuntou Arias. Subliñou

que isto axudará a mellorar a xestión medioambiental no municipio. Outra das actuacións financiadas nesta convocatoria do FCA será a recuperación de vías locais das parroquias de Candia e Seivane de Vilarente. Ademais de renovar os pavimentos, tamén se acomete a limpeza de cunetas para a circulación das augas de escorrentía. A través do Fondo de Compensación Ambiental, a Xunta colabora cos concellos na posta en marcha de proxectos destinados a evitar a degradación ambiental, na contratación de persoal e na adquisición de vehículos e maquinaria para a protección do medio ambiente, ademais de mellorar redes de servizos públicos.

Gandeiros piden unha reunión co conselleiro polo saneamento

Gandeiras e gandeiros afectados polas “graves eivas” da campaña de saneamento da Consellaría do Medio Rural (CMR) da Xunta reuníronse novamente en Abadín co obxectivo de continuar organizándose para esixir á CMR a subsanación inmediata das demoras e descoordinación neste servizo de sanidade animal.

As granxas afectadas están recabando apoios para presentar á Consellaría un escrito no que, ademais de denunciar a situación destes últimos meses, solicitan que se concrete á maior brevidade posible unha xuntanza co conselleiro José González Vázquez, e presentan unha batería de propostas de mellora. Unhas das primeiras peticións é que “dadas as características da maioría das nosas explotacións nesta zona (granxas en extensivo)” a campaña



se execute a principios da primavera e que se faga o saneamento por barrios e de forma continuada, en lugar do que se fixo este ano que cos equipos con menos persoal se estaban saneando varias parroquias a un tempo prolongándose os traballos, “máis de dous meses nalgún caso”.

Propoñen tamén que cando se compre un animal, ou se solicite información dun en Sanidade Animal, que se proporcione en poucos días o seu historial e procedencia en caso de ser un animal que veña dunha zona ou explotación de risco, que non se tarden meses en proporcionar esta información os gandeiros.

Programan unha nova edición da Ruta das Tapas en decembro

A veciñanza de Riotorto desfrutará un ano máis da súa tradicional ruta das tapas que se celebrará os días 2 e 3 de decembro.

Esta quinta edición da Ruta das Tapas de Riotorto conta cun total de cinco establecementos hostaleiros participantes e que ofrecerán as súas propostas aos veciños.

Os negocios hostaleiros son Mesón Novo América, Casa Rivas, Casa Rodil, Confeitería Irma e o Mesón O de

Sempre. O prezo de cada tapa, que se servirán en horario de 20.00 a 00.00, é de 2 euros.

Entre as persoas participantes sortearanse ata cinco premios: o primeiro de 200 euros, o segundo de 100 euros, o terceiro será un vale de 50 euros de queixos Don Hilario, o cuarto da mesma cantidade por produtos cárnicos O Mazo e o quinto tamén de 50 euros para gastar na Panadería Cartiere.

A CHMS limpa o río Ferreiravella ao longo de 2,3 quilómetros

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, destacou o investimento de máis de 445.000 euros que achega este ano a Confederación Hidrográfica do Cantábrico para traballos de limpeza, conservación e mantemento das canles nos ríos na provincia de Lugo. Fíxoo durante unha visita ao concello de Riotorto para supervisar, xunto ao presidente da CHC, Manuel Gutiérrez, e ao alcalde, Clemente Iglesias, as actuacións que está a desenvolver a Confederación Hidrográfica na canle do río Ferreiravella, no Mazo.

Nesta liña, avanzaron que as actuacións levadas a cabo teñen como obxectivo mellorar e manter o bo estado das contornas fluviais e previr, na medida do posible, desbordamentos en tramos con obstrucións ou de capacidade hidráulica reducida. Nestas zonas realízanse retiradas de restos vexetais (tocos, ramas, troncos, etcétera), talla e poda de árbores en perigo de caída ou o acondicionamento dos áridos causantes



dos taponamentos.

As actuacións consistiron na retirada de árbores e restos vexetais acumulados en diferentes tramos do leito, na talla de árbores secas, enfermas ou con risco de caída, así como a poda da ramaxe intensiva e arbustiva que diminúe a sección de desaugadoiro do leito.

Estas actuacións, que contan cun orzamento de 14.700 euros, lévanas a cabo a empresa pública Tragsa dentro do Programa de mantemento e

conservación de leitos que desenvolve a Confederación Hidrográfica do Cantábrico fóra das zonas urbanas, nas que os labores de conservación e mantemento de leitos son competencia dos concellos.

A subdelegada considerou fundamentais estas actuacións de restauración fluvial e protección dos ríos da provincia, “porque reducen o risco e perigo de inundacións, ao tempo que permiten unha mellor xestión do territorio”.

Constructora Promotora
Multiservicios InterGallego sl
Reformas Obras Públicas

Desde 1971 materializando sueños
A nivel nacional e internacional

- PINTURA • DESATASCOS CON MÁQUINA DE ALTA PRESIÓN
- FONTANERÍA • ELECTRICIDAD • PLADUR
- PISCINAS DE OBRA Y FIBRA • PLAYAS DE ARENA
- CARPINTERÍA • COMPRA Y VENTA DE INMUEBLES
- SERVICIO DE CAMIÓN CON CANASTILLA • MOVIMIENTO DE TIERRA
- REFORMAS INTEGRALES • REHABILITACIÓN
- ESPECIALIDAD EN CASAS DE PIEDRA • RETRO Y MINI EXCAVADORAS
- ALBAÑILERÍA • OBRAS PÚBLICAS
- LIMPIEZA Y PINTURA DE FACHADAS
- SUSTITUCIÓN, LAVADO Y REPARACIÓN DE TEJADOS

C/ Trastoi 3, Santaballa - Vilalba - Lugo.
Tfno.: 633 305 451 / 982 162 919

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

CHAIREGOS
SERVICIOS VETERINARIOS

R/ Gabriela Nieto Chain, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS

pol



Pol recibe 195.000 euros para rehabilitar a antiga Reitoral de Suegos

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, destacou que o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno “está a chegar a todo o territorio, mellorando os servizos públicos dos concellos do rural e a calidade de vida da veciñanza”, e que se exemplifica nos 195.054 euros que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) acaba de conceder ao Concello de Pol para a rehabilitación integral da antiga casa reitoral. Esta axuda enmárcase no Programa de Impulso á Rehabilitación dos Edificios Públicos para Entidades Locais (PIREP Local).

Isabel Rodríguez visitou a localidade, acompañada do alcalde, Lino Rodríguez, e do arquitecto municipal, Daniel Gómez, para supervisar os traballos que se van a financiar con cargo a este plan estatal. Deste xeito, a subdelegada informou que se dotará dun novo centro social á parroquia de Suegos, no Concello de Pol, recuperando o edificio da antiga casa reitoral, en desuso des-

de hai 30 anos polo seu avanzado deterioro.

As obras consistiran no apuntalamiento, consolidación, reforzo e substitución dos elementos estruturais do edificio, xerando no baleiro central un patio exterior pechado. Así mesmo, acondicionarase a envolvente térmica da edificación coa instalación de illamento térmico e renovarase toda a carpintería. No que se refire ás instalacións térmicas do edificio, implementárase un sistema combinado de xeración fotovoltaica e caldeira de biomasa. Isto, engadido á recuperación da auga da choiva faría posible que durante moitos meses do ano o edificio fose autosuficiente enerxéticamente, sendo necesario o uso da biomasa unicamente nos meses máis fríos de inverno. Por último, na parte traseira do inmoble recuperarase a galería histórica, coa instalación dun invernadoiro que permita a regulación de entrada de luz e ventilación, incorporando, ademais, vexetación como recurso bioclimático.

O colectivo Olvido retoma os cursos e as actividades

A Asociación Mulleres Rurais Olvido de Pol retoma as actividades e os cursos neste outono. Os cursos seguirán na mesma liña que o ano pasado. Os luns teñen lugar as clases de ioga de luns a venres de 16.00 a 17.00 horas, dirixidas por Donvina e o martes os de bolillos, a cargo de Milagros, de 16.30 a 18.30 horas. A primeira celébrase na caseta da Carballeira e a segunda na biblioteca.

O mércores contan con piscina e agyagym, de 21.30 a 22.15 horas, a cargo de Miguel na piscina da Pastoriza e os martes e xoves de 22.00 a 23.00 horas no local da Carballeira hai pi-

lates. Os cursos xa empezaron pero aínda hai prazas.

Organizado pola asociación, o Circuito de Teatro Afeccionado fará parada en Pol este sábado, 12 de novembro, coa representación da obra O terapeuta, da Asociación O Pico do Castro de Foz. A obra poderá verse no centro sociocultural de Mosteiro a partir das 18.00 horas.

Por outra banda, teñen convocada unha cea baile para o día 19 de novembro. Será no restaurante Suso, en Castro Ribeiras de Lea, a partir das 21.30 horas, amenizada polo acordeonista Suso.

meira

A Deputación inviste na mellora do Centro Sociocultural local

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un convenio de colaboración a través do que a institución provincial aporta preto de 46.500€ ao Concello de Meira para que poida acometer a reparación e mellora do Centro Sociocultural da vila, tal e como explicou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto.

A deputada detallou que esta colaboración “é unha nova mostra da política que facemos na Deputación de Lugo. Unha política de máxima cooperación cos 67 concellos da provincia de Lugo para que poidan ofrecer máis e mellores servizos públicos ós seus veciños, sobre todo do noso rural”.

As obras servirán para eliminar as filtracións que se producen a través do lucernario sobre a escaleira e das fachadas do edificio, o que permitirá acabar cos desprendementos da fronte principal cara a rúa. Para iso, procederáse ao revestimento da



fachada principal con paneis de aluminio branco illado, o que, ademais de eliminar as filtracións, mellorará o aspecto do inmoble. Os traballos concluirán co reparado de pequenas fisuras e fallos do soporte para poder repintar as zonas danadas.

“O investimento que achegamos dende a institución provincial representa o 95% total do orzamento necesario para acometer este proxecto, mentres que o 5% restante apórtao o propio Concello”, sinalou a Deputada.

ITV. A unidade móbil de inspección técnica de turismos estará entre o 29 de novembro e o 2 de decembro no Concello de Meira, para atender a todos os veciños do termo municipal. A atención ao público será entre as 9:00 e as 13.30 horas e de 15:15 a 18:00, os dous primeiros días e só de mañá nos dous seguintes.

A unidade estará situada nos aparcadoiros do Campo do Plantío.

Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com.

A subdelegada analiza co alcalde as principais necesidades de Meira

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, reuniuse co alcalde, Antonio de Dios Álvarez, co que repasou as principais necesidades deste municipio capital de comarca.

No encontro celebrado na Subdelegación do Goberno, Isabel Rodríguez e Antonio de Dios tamén analizaron as posibilidades de colaboración en distintas materias entre as dúas ad-

ministracións e abordaron temas referidos a seguridade.

A subdelegada tamén abordou un proxecto de mellora para a estrada N-640 ao seu paso por este municipio. Trátase da rehabilitación e ampliación dunha ponte sobre o río Miño, situada no punto quilométrico 59 de dita estrada. Isabel Rodríguez reiterou o compromiso do Goberno

con estas actuacións e trasladoulle ao alcalde que a unidade de Estradas do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ten en redacción o proxecto e estudará a realización dalgunhas melloras na zona solicitadas na reunión polo rexedor municipal. Ademais, acordaron a convocatoria da Xunta Local de Seguridade Cidadá.

MOBELRIAS

21 O 27 DE NOVEMBRO

BLACK FRIDAY

DESCONTOS DE ATA UN 50% EN DESCANSO

PROMOCIONS ESPECIAIS EN ARTIGOS DA TENDA

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

25N

En Negro contra a violencia de xénero

A sociedade celebrará o 25 de novembro esta loita contra os feminicidios con numerosas iniciativas que abranguerán todo o mes



O Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller conmemórase anualmente o 25 de novembro para denunciar a violencia que se exerce sobre as mulleres en todo o mundo e reclamar políticas en todos os países para a súa erradicación.

Esta celebración que tiña lugar un día acabou ampliando a súa relevancia e hoxe en día está vinculada á practica totalidade do mes.

Pero, escoller o 25 de novembro para conmemorar esta lacra social ten unha razón de existir.

Elixíuse o 25 de novembro para conmemorar o violento asasinato das irmás Mirabal (Patria, Minerva e María Teresa), tres activistas políticas asasinadas o 25 de novembro de 1960 en mans da policía secreta do ditador Rafael Trujillo na República Dominicana.

Hoxe, o seu simbolismo está moi representado polo movemento En Negro. Trátase dunha acción colectiva de sensibilización social contra as violencias machistas que xorde no 2015 en Santiago de Compos-

tela, co impulso da Administración local, e que ano tras ano foi medrando, involucrando a máis concellos, institucións e sectores, chegando a expandirse de xeito viral mesmo fóra de Galicia. Aínda que está latente durante todo o ano, é sobre todo no mes de novembro, e no 25N, cando a acción despre-

ga a súa actividade de forma máis intensa.

Dende o seu inicio buscou implicar o tecido económico, asociativo, educativo, deportivo, social e cultural, así como a toda a cidadanía, nunha resposta colectiva de rexeitamento das violencias de xénero e mais dos asasinatos machistas.

Tamén se apostou por identificar, transmitir e incidir nos comportamentos e expresións verbais que están detrás das violencias de xénero a través do uso de materiais de campaña específicos por parte da cidadanía, empresas, establecementos comerciais e axentes sociais.

Son moitas as accións que se levan

a cabo contra a violencia de xénero durante todo o ano, centradas maiormente na educación na igualdade e o respecto, con charlas, cursos e campañas de sensibilización en colexios, institutos e universidades. Tamén se apostou pola protección das mulleres con diferentes programas en distintos ámbitos.

Unhas cifras xudiciais que non baixan

Os xulgados galegos recibiron o segundo trimestre deste ano 1.813 denuncias por violencia de xénero, un 9,9 % máis que no mesmo período de 2021, cando se presentaron 1.649. A gran maioría (1.328) chegaron a través de atestados policiais con denuncia da vítima. Aumentou tamén o número de mulleres que aparecen como vítimas, pois nese período contabilizáronse 1.811, fronte ás 1.636 de 2021, o que supón unha subida do 10,7 %. A taxa de violencia de xénero (mulleres vítimas por cada 10.000 mulleres) situouse en 13, a segunda máis baixa

do Estado -cuxa media foi de 18,4-, só por detrás de Castela e León. Os distintos órganos xudiciais (xulgados de violencia sobre a muller, xulgados do penal e audiencias provinciais) ditaron no segundo trimestre en procesos de violencia de xénero 593 sentenzas, das cales 498, é dicir, o 84 %, foron condenatorias. Ademais, en Galicia descendieron un 10,2 % os casos de vítimas que se acolleron á dispensa para non declarar. No segundo trimestre de 2022 optaron por esta opción 97 mulleres, fronte ás 108 que o fixeron no mesmo período de 2021.

Ademais, durante eses tres meses solicitáronse ante os xulgados de violencia sobre a muller 486 ordes de protección, un 7,4 % menos que nas mesmas datas de 2021, cando se demandaron 525. Delas, foron acordadas 344 (o 71 %), fronte ás 348 de 2021. Nos xulgados de garda sen competencia en violencia sobre a muller solicitáronse 126 ordes de protección, o que supón un aumento interanual do 16,7 %. No segundo trimestre deste ano os xulgados de menores axuizaron a catro persoas por delitos relacionados con violencia sobre a muller,

mentres que o ano anterior só foi xulgada unha persoa no mesmo período por procesos de violencia. Os datos relativos ás medidas civís ditadas polos xulgados de violencia sobre a muller para protexer aos fillos das vítimas, que reflicten as modificacións legais introducidas na Lei Orgánica de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, reflicten que entre abril e xuño os órganos xudiciais galegos adoptaron 39 medidas consistentes na suspensión do réxime de visitas, un 225 % máis que o ano anterior, cando se adoptaron doce.



“No 2022 atendemos 28 mulleres vítimas de violencia de xénero na comarca”

Luisa Padrón Francisco e Ana B. Pardo Gil, psicóloga e avogada, respectivamente, do CIM de Vilalba

O edificio do Concello de Vilalba acolle o Cento de Información da Muller (CIM) creado co obxectivo de detectar as dificultades, necesidades e demandas das mulleres para facer valer os seus dereitos nos ámbitos profesional, social e familiar, ofertando unha atención específica ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Aínda que a axuda é moi variada o seu labor faise imprescindible no trato coa violencia de xénero xa que poñen a disposición das vítimas, os recursos e instrumentos que promoven a confianza nelas mesmas para esixir a convivencia en igualdade. Así mesmo, combina o labor asistencial co traballo formativo, desenvolvendo diversos programas, destinados a educar ás novas xeracións en valores que garantan a igualdade de oportunidades así como a prevención da violencia de xénero. A principal axuda que ofrecen céntrase no asesoramento xurídico e a atención psicolóxica, con atención especializada para guialas en todo o proceso. O anonimato e a confidencialidade son as súas armas máis importantes para axudar a estas mulleres a recuperar, en moitas ocasións, a súa vida. A gratuidade e o respecto á vontade final da usuaria tamén son importantes á hora de incentivar esas axudas. As entrevistas son sempre persoais e íntimas, tanto para tratar temas xurídicos e de dereitos como as de apoio psicolóxico.

Á fronte do CIM están Luisa Padrón Francisco, psicóloga, e Ana B. Pardo Gil, avogada e directora, que nos relatan como é o seu traballo diario.

Que casos son os máis habituais no

CIM vilabés?

Os casos máis habituais son os de mulleres que levan sufrindo unha traxectoria longa de violencia por parte da parella e tamén asesoramento en materia de separación ou divorcio onde hai indicios de violencia psicolóxica que non soen denunciarse.

Cantos atenderon no último ano?

No ano 2022 atendemos 28 casos de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Céntranse en mulleres de Vilalba só ou acoden da contorna?

O CIM é un servizo de carácter comarcal e dende este centro se atenden as demandas solicitadas por mulleres procedentes dos seguintes concellos da comarca da Terra Chá: Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba e Xermade. As mulleres de Abadín e A Pastoriza son atendidas no CIM de Mondoñedo co que teñen subscrito convenio para este fin.

Como é o procedemento estándar cando acude unha muller maltratada?

O procedemento parte dunha escolta activa da muller para tratar de dar resposta ás súas demandas, xa sexan económicas, xurídicas ou de atención psicolóxica, así como validar os seus sentimentos e reforzar as súas decisións respectando sempre os tempos no seu proceso de recuperación.

Como se lle protexe do maltratador?

A protección chega logo dunha denuncia, cando por parte do Xulgado se decreta unha orde de protección



ao seu favor, a partir dese momento as Forzas e Corpos de Seguridade, xa sexa a Garda Civil ou a Policía Local, se encargan de velar pola súa protección e seguridade en función do risco valorado a través do sistema Viogen.

Como poden axudar as persoas da contorna?

Debemos recordar que todos e todas temos responsabilidade de poñer en coñecemento das autoridades calquera tipo de conduta violenta da que teñamos coñecemento. Con respecto á contorna, o apoio e acompañamento tanto de amizades como de familiares é básico para axudar á vítima na toma de decisións e no enfrontamento da situación na que se atopa, respectando sempre a súa vontade e os tempos que cada

muller necesita.

Como cren que está valorada este problema entre a xuventude?

Lamentablemente a xuventude parece ter a percepción de que este é un tema que non lles afecta, pero as actitudes de control e violencia entre a xente moza son cada día máis frecuentes e preocupantes.

Cren que se está a avanzar na erradicación da violencia de xénero?

Avanzamos moito en canto a visibilización e tamén en canto a recursos para as vítimas, pero non o suficiente, xa que a violencia de xénero é un grave problema estrutural, instaurando fortemente na nosa sociedade e de difícil erradicación, sobre todo en temas como a prostitución, a percepción da violencia psicolóxica e o control a través das redes sociais.

Presentaron a programación do 25N

O Concello de Vilalba únese á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, que se celebra o próximo 25 de novembro. *A meta, a igualdade. O feminismo, o camiño* é o lema elixido un ano máis. Para conmemorar este 25N, dende o Concello deseñouse unha ampla programación destinada a todas idades e sectores da poboación que comezou xa o día 4 coa difusión, no Auditorio Municipal, da longamestraxe *Onde máis doe*.

Tamén o mesmo día, os alumnos do IES Basanta Silva tiveron a oportunidade de escoitar o duro testimonio de Noelia Míguez, vítima de violencia de xénero e co-autora do libro *Ocho señais: cuestión de vida o morte*.

O día 13 de novembro, o Auditorio acolle a partir das 19:00 horas a obra de teatro *As que limpan*. A representación de danza contemporánea titulada *Pioneiras* é a cita para o día 18, ás 20.30 horas, no Auditorio.

O día seguinte, o sábado 19, a Escola de Igualdade de Vilalba propón esta vez dúas charlas na Casa da Cultura. A partir das 10:30 horas será Sergio Orduña Alonso, maxistrado-xuíz titular do Xulgado de Violencia de Xénero en Lugo o encargado de impartir a conferencia baixo o título *Menores e violencia de xénero*, mentres que ás 12:00 horas Verónica Marcos Arrojo, presidenta de Fademur Galicia, falará sobre *As mulleres rurais fronte a violencia machista*.

O domingo continuará esta axenda coa presenza no Auditorio Municipal, dende ás 18:00 horas, de expresARTE en Igualdade contra a violencia machista dirixido aos centros de ensino e o tecido cultural de Vilalba. Como cada ano, a Praza da Constitución focalizará os actos do venres 25, o Día Internacional contra a Violencia de Xénero cun acto institucional co alumnado dos centros de ensinanza.

DEPUTACIÓN

Regresa o Circuito de Teatro Aficionado



Arranca unha nova edición do Circuito de Teatro Aficionado, que inclúe 87 representacións por todas as comarcas. Vintenoventa compañías –dez máis que na última edición– representan as súas obras no marco deste programa, co que a área de Cultura mantén o apoio ás artes escénicas e ofrece a asociacións e concellos a posibilidade de ampliar as súas axendas culturais.

Trátase de Asociación Cultural Abrente (As Nogais), Alentía Teatro e Metátese Teatro (Palas de Rei); Grupo de Teatro da Biblioteca de Antas de Ulla, Falcatrueiros (Monterroso), Argalleiras (Chantada), Teatreiras (Monforte), Viraventos (Monforte), Hipócrata Teatro (Lugo), Grupo de Teatro do Hospital – HULA, Os Palimoquiños, Nova Escena, Curuxan Teatro Impro, Grupo de Teatro Down e Os Pinchacarneiros (Lugo); Lume Escénico (A Pontenova), O Torques (Burela),

O Centiño, Pico do Castro, A Adala e Axóuxeres (Foz); A Mariña e Bordelo (Cervo); Colectivo Cultural Ollomao (Barreiros), Borguete Teatro (Vilalba), Os Trocos e Os Baluros (Castro de Rei), Chimchiribote (Pol) e Rebuldeira (Sarria).

A área de Cultura xestionou o calendario, atendendo á dispoñibilidade das compañías e as preferencias dos concellos e asociacións.

O Circuito e Teatro Aficionado artéllase en catro ciclos en función das temáticas e públicos das obras propostas polas compañías, entre as que se atopan traxicomédias de intriga nas que o suspense se adreza con humor negro; funcións que abordan, a través de historias cotiás, problemáticas sociais como a desigualdade de xénero ou pezas cómicas e costumistas nas que os protagonistas son arquetipos sociais, pasando por adaptacións de obras clásicas da literatura.

Tomé anuncia que os orzamentos superarán os 110 millóns de euros

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, anunciou no Parlamento de Galicia que os orzamentos da institución provincial para o ano 2023 superarán os 110M€, un 10% máis ca este ano polo incremento da achega procedente do Estado, e estarán centrados na mellora dos servizos públicos para os veciños e veciñas do rural e o apoio á economía. Segundo avanzou, o Goberno está ultimando a elaboración das contas provinciais, que elevará ao Pleno ordinario de finais de novembro para a súa aprobación, e que poidan entrar así en vigor a principios de ano, “un obxectivo que cumprimos sempre, dende o inicio do mandato”.

Así o expuxo ante a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos da Cámara autonómica, afondando en que con estes presupostos “avanzamos na senda que marquei o inicio do meu mandato”, da que destacou “tres elementos básicos”: “recuperamos a normalidade e a tranquilidade institucional; temos un proxecto ben definido, que responde ás necesidades e que aproveita as capacidades da provincia, algo importante nunha época na que o impacto da pandemia vén seguido das consecuencias da guerra en Ucraína; e levamos un ritmo de xestión e de execución moi elevado”.

POLÍTICAS SOCIAIS. O presidente explicou que os orzamentos aséntanse

en catro piares: as políticas sociais, a cooperación cos concellos, o apoio ós sectores produtivos e a mellora da mobilidade.

A institución provincial dedica un terzo do total do seu presuposto anual a políticas sociais, o que “nos converte nunha das poucas deputacións de todo o país cunha rede de protección social tan ampla e eficaz, que xa é unha sinal de identidade da Deputación e un referente en España e en Europa polo modelo de asistencia ás persoas maiores que temos implantado en colaboración cos concellos”. “Un modelo público, co que garantimos unha asistencia de calidade; co que favorecemos o arraigo dos veciños ó rural; co que creamos emprego, sobre todo feminino; e co que dinamizamos as economías locais coa compra de produtos de proximidade para o funcionamento dos centros”, recalcou o presidente. 6 residencias abertas neste mandato, ás que se engaden a de Navia de Suarna e Ribas de Sil.

A cooperación cos concellos é outro pilar da acción de Goberno da Deputación de Lugo e, polo tanto, dos orzamentos do ano 2023.

José Tomé avanzou que co Plan Único a Deputación inxectará 21,5M€ nas arcas municipais o vindeiro ano, un “esforzo moi importante”, pois trátase do 20% do orzamento provincial, mentres que o Fondo de Cooperación Local é de 143M€, ape-

nas o 1,13% do presuposto total da Xunta.

O apoio ós sectores produtivos será tamén unha das liñas de actuación centrais da Deputación nos orzamentos, con especial atención ó sector primario, “que é fundamental para a nosa provincia a nivel económico e de emprego, pero tamén polo seu peso social e cultural”, e ó sector do turismo, “que ten un tremendo potencial para impulsar o desenvolvemento do noso rural”.

PROXECTOS. Neste sentido, o presidente destacou que, grazas á “relación directa e fluída” co tecido asociativo vinculado ós sectores produtivos máis importantes da provincia, a Deputación saca adiante numerosos proxectos para dinamizar a economía e o emprego, con programas como, Acelera PEME ou Reiniciate.

Como “factor esencial para o desenvolvemento social e económico dun territorio”, a mellora da mobilidade é un eixo vertebrador das políticas da Deputación de Lugo, cunha dotación económica que aumentou “ano tras ano”, ata que “chegamos a dedicar neste momento un terzo do orzamento, en torno a 30M€, para as estradas municipais e para os 4.217 quilómetros da rede viaria provincial, a máis extensa dunha institución provincial en toda España e tres veces maior ca da Xunta en Lugo”.

Acondicionan e reparan a fachada do Pazo de San Marcos

A Deputación de Lugo acomete traballos de reparación e acondicionamento da fachada do Pazo de San Marcos, sede da institución provincial. As tarefas, adjudicadas en 150.000€, consisten na limpeza das paredes e da súa mampostería, o saneamento de fisuras e gretas, a eliminación de humidades e de filtracións de auga e o pintado.

O proxecto tamén contempla a colocación na fachada dunhas letras en aceiro pintado co texto Deputación Provincial de Lugo, que xa existían antes da remodelación da Praza de San Marcos e que identificarán á institución que alberga o Pazo. Os traballos completaranse coa reparación da pintura do Salón de Plenos, que presenta zonas afectadas pola antiga presenza de humidades.



Esta actuación súmase aos traballos de reposición da lámina impermeabilizante da parte plana do tellado de San Marcos, deteriorada polo paso do tempo, que se levaron a comezos do pasado verán, e á renovación da cuberta cun investimento

de 350.000€ realizada no ano 2020. Todas estas medidas adoptadas polo Goberno provincial servirán para garantir a conservación do Pazo de San Marcos, pero tamén para darlle unha maior prestancia a este edificio histórico.

RENTA CAR
ALUGUER DE VEHÍCULOS Vilalba

Aluguer de:
AUTOCARAVANAS
VEHÍCULOS INDUSTRIAIS
TURISMOS

☎ 722 376 219 - 664 797 776

Rúa Castiñeiro P-11. Pol. Industrial Sete Pontes - Vilalba - Lugo

TERRA CHÁ

Tomé cualifica os orzamentos da Xunta como “decepcionantes”

O Secretario Xeral do Partido Socialista na provincia de Lugo, José Tomé Roca, asegurou que os Orzamentos da Xunta para o vindeiro ano 2023 son os presupostos “da monotonía, da mentira e do engano”. Demosttran, subliñou, que o PP está instalado na rutina. Non ofrece nada novo, nin a Galicia, nin á provincia. Xestionan por inercia e, polo tanto, dá igual que teñan 11.000 que 12.000M€ de Orzamento. Non se nota”.

Desta forma, subliñou José Tomé, as contas autonómicas ratifican “a diferenza abismal entre o Partido Socialista e o Partido Popular, na maneira de gobernar e no compromiso con Galicia e coa provincia”, pois, explicou, “cando gobernamos os socialistas, Galicia e a provincia avanza, porque temos un proxecto de país claro e porque cumprimos co que nos comprometemos”, mentres que co PP “ocorre todo o contrario”. “O Partido Popular ten a provincia ó ralenti, practicamente paralizada, e sen nada novo no horizonte”, incidiu o líder dos socialistas lucenses, quen se pregunta “onde van” os 1.100M€ que aumentan os presupostos da Xunta, grazas á aportación do Estado, apuntou.



Tomé puxo as infraestruturas como exemplo da “rutina” coa que xestionan os populares na Xunta. “Seguen empantanadas obras estratéxicas para a competitividade e o desenvolvemento da provincia”

En canto ao investimento social, os Orzamentos da Xunta “resultan especialmente decepcionantes, sobre todo en sanidade”, asegurou o Secretario Xeral do PSdeG na provincia. “Hai un colapso evidente, que xa non nega ninguén. O 80% dos concellos da nosa provincia sofren graves carencias de persoal en Atención Primaria e Pediatría, vémolos todos os días, e a Xunta non aporta solucións. É máis, dedícase ó trilerismo político, anunciando un día un reforzo para Atención Primaria de 33,4M€, para

dicir o día seguinte que son 137M€”. “Os socialistas esixímoslle á Xunta rigor, respecto ós cidadáns e que rectifique. Que non lle baixe o imposto ós ricos e que dedique eses 33,4M€ a reforzar a Atención Primaria”, afirmou José Tomé. “Non se pode baixar os impostos ós ricos e despois pedir ó Estado o diñeiro que a Xunta regalou ós que máis teñen”, afirmou. O líder dos socialistas na provincia fixo fincapé en que a Xunta non aporta “nada novo” en educación. “Máis alá dos investimentos en centros educativos da capital, que dende logo son necesarios, non hai ningunha actuación en colexios ou institutos do resto da provincia”, o que supón, dixo, “un novo desprezo ó rural”.

A Asociación Muíño de Barxa leva aos colexios unha mostra sobre a Reserva da Biosfera



A Asociación Muíño de Barxa bota a andar unha das súas primeiras actividades cunha exposición itinerante relacionada coa reserva da Biosfera das Terras do Miño, que percorrerá os centros escolares.

Logo de visitar o CEIP de Riotorto, pasará o mes de novembro no CEIP Poeta Avelino Díaz de Meira e no CEIP O Salvador da Pastoriza. Prevese que a exposición siga itinerando por máis centros locais coa intención de concienciar ás xeracións máis novas sobre a importancia do medio natural e as peculiaridades medioambientais do seu territorio, con especial atención aos ecosistemas fluviais que son núcleo da Reserva e os hábitats que conforman a identidade das Terras do Miño.

Nos paneis expositivos o alumnado poderá aprender a recoñecer especies protexidas na súa contorna, a orixe dos Lugares de Interese Comunitario ou a influencia histórica da pegada humana na paisaxe.

Entre os obxectivos da Asociación Muíño de Barxa, de recente constitución, figuran a conservación do patrimonio natural e cultural, o desenvolvemento rural e a posta en valor da poboación local e dos seus signos de identidade. A asociación ten intención de medrar involucrando máis axentes do territorio que permitan levar a cabo proxectos máis ambiciosos dirixidos á dinamización do territorio, coordinando un grupo de concellos rurais do interior lucense.

Tres queixerías reciben catro medallas nos World Cheese Awards

O World Cheese Awards, onde se reparten os premios que recoñecen os mellores queixos do mundo, volveu dignificar e sinalar produtos galegos e tamén da Chaira.

Dos máis de 4.500 queixos que se presentaron a este certame, só cincuenta obtiveron unha medalla de ouro e tres destas foron para a Comunidade Galega, dous para queixos da denominación de orixe San Simón da Costa.

Prestes, unha queixería habitual nestes premios sumou este ano un ouro e unha prata. O outro ouro foi para Don Crisanto mentres que unha segunda prata correspondeu a outra queixería da comarca, As Fontelas. Para todos eles non é a primeira ocasión na que logran unha medalla de alto grao neste certame. Tamén houbo un galardón para Queserías Sarraianas, que traballan baixo a marca de calidade queixo de tetilla e que levou unha medalla de

bronce.

En Galicia houbo ouro tamén para unha empresa de Arzúa. Ademais dúas produtoras de Ourense recibiu unha de prata e outra de bronce cada unha. A lista de premiados péchana unha quesería de Moaña que logrou unha medalla de prata para o seu queixo curado de cabra.

OS WORLD CHEESE AWARDS. A 34 edición do World Cheese Awards, que se celebra anualmente e con carácter internacional, encumbrou en Newport (Gales, Reino Unido) a 17 queixos españois que lograron a medalla de SuperOuro e convertéronse nos mellores do mundo na súa categoría. No certame, no que participaron 4.434 queixos procedentes de 42 países, tamén foron premiados 95 coa medalla de ouro, 172 coa de prata e 282 coa de bronce. En total, 586 queixos españois premiados.

Organizan un obradoiro para familias sobre as tecnoloxías

O servizo de prevención de condutas adictivas da agrupación de Concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de Rei e Rábade organiza un encontro online dirixidos a nais e pais para abordar a prevención de abuso de tecnoloxías dende o ámbito familiar

Este obradoiro será impartido de xeito online (a través da plataforma zoom) por Susana Piedra Zorrilla Psicóloga con número de colexiada: M-19528 responsable do Programa de Prevención de condutas de risco en nenos, nenas e adolescentes e fomento da parentalidade positiva na UNAF.

Neste obradoiro abordaranse contidos como a adolescencia e pre-

adolescencia, as condutas de risco en torno ás tecnoloxías, o uso e abuso das tecnoloxías, as competencias dixitais, as competencias parentais e a abordaxe parental de situacións concretas.

A sesión terá lugar o 24 de novembro de 17.00 a 18.30 horas. As persoas interesadas poden inscribirse a través do deste enlace (antes do 21 de novembro).

Os que desexen máis información poden solicitala no Servizo de prevención de condutas adictivas da agrupación de concellos de Begonte, Castro de Rei, Friol, Outeiro de rei e Rábade, no mail prevenciondrogas@rabade.org ou no teléfono 982 390 062.

Prohiben a presenza de aves nos mercados pola gripe aviar

Debido aos últimos gromos detectados de gripe aviar, as feiras galegas volven recibir a prohibición de celebrar os mercados de aves.

Estes xa recibiran varias limitacións nos últimos meses pero agora quedan prohibidos de forma total ata que baixe a alerta pola alta concentración de casos.

Foron os servizos veterinarios da Xunta os que fixeron públicos estes avisos e unha das primeiras afectadas é a feira de Parga, que se celebra hoxe, e que conta dende sempre cunha importante presenza destes animais.

Polo de pronto a prohibición non ten data límite e se manterá mentres os casos continúen activos.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



DEPORTES



Korreo, Lugo Sala B e Vilalba gañan as finais da Copa Deputación de FS

O pavillón municipal José Mario González O Chanto, en Sarria, vestiu as súas mellores galas para albergar a fase final da III Copa Deputación de Lugo de Fútbol Sala. Unha semifinal e dúas finais nunha xornada maratoniana que coroou aos campións e campioas desta nova edición do torneo. O novo rei desta III Copa Deputación de Lugo de Fútbol sala de Primeira é O Korreo Guitiriz FS. O campión sufriu de xeito abondo para levar o gato á auga, debido a que tivo que recorrer a unha prórroga e a unha quenda de penaltis para superar ao outro finalista, o Outeiro de Rei (4-4 ao termo da prórroga).

En semifinais, O Korreo Guitiriz derrotou ao Concello de Begonte (2-6) e o Outeiro de Rei superou ao Xove SD (1-3).

O ADC Lugo Sala B proclamouse

campión en Segunda División tras derrotar na gran final ao Parrillada Porta Santiago FS tras un auténtico partidazo (5-6).

Os gañadores derrotaron en semifinais ao Cubelas e os subcampións ao Garvi Construciones B.

O Grupo Forma-T Vilalba FS, campión na cita feminina

As novas raíñas da Copa Deputación de Lugo de Fútbol Sala son as mozas do Grupo Format-T Vilalba FS. As campioas superaron na gran final ao Concello de Begonte FS (0-3).

Na quenda de semifinais, as vilalbas tiñan derrotado ao Ribeira (1-3) e as begontinas ao Castroverde (por un aplastante 11-0).

Todos os encontros desta fase final da III Copa Deputación de Lugo de Fútbol Sala foron retransmitidos en directo por streaming na canle de Youtube do club Os Meigallos.

Pol acolleu a gala de Premios da Liga de Bolos

Celebrouse no Concello de Pol a Gala de Entrega de Premios da Liga Provincial de Bolos correspondente a este ano 2022, unha Liga organizada por todos os clubs da provincia e nesta ocasión en concreto polo Club Arcasco-Carballal de Meira.

Un ano máis o Club de Bolos Xove volveu dominar nesta Liga sendo con moita diferenza, o club máis laureado de toda provincia. Acompañando ao Club de Bolos Xove nesta Gala estiveron as concelleiras Dolores Meitín e Cecilia Duarte.

Así as distincións foron para Encarnación Vázquez do Club Cruceiro de Meilán e Gabriel Pérez do Club Santalla, ambos na categoría Xogadores máis lonxeiros, e para José Argimiro Cabodevila e Aureo Folgueira na

Mención Especial Finados. Xa no cadro de honra individual o primeiro posto en Superveterano foi para Jesús Fernández Reigosa do Ribatra, en Veterano para Marcelino Rodríguez Álvarez do Club de Xove, en Sénior para Daniel Alonso López do Club de Xove, en Feminina para Julia López do Club de Xove, e en Xuvenil para Xenxo Salgueiro do Club de Xove.

No tocante aos equipos absolutos o Club xovense acadou o primeiro posto seguido do Ribatra e do Cruceiro de Meilán de Riotorto, en equipos veterano o Club Arcasco Carballal foi o primeiro seguido do de Xove e Ribatra, e na categoría equipo feminino os gañadores foron o de Xove seguido do de Riotorto e O Cadaval de Castro de Rei.

“Estamos retomando a Escola municipal de Tiro con Arco”

Manuel Buitrón, presidente, e Alfredo Rubio, secretario, do pontés Club Sílex

O seteiro Miguel Alvariño, do club Sílex, logrou facerse coa medalla de prata na final da Copa do Mundo de arco recurvo, que se disputou na localidade mexicana de Tlaxcala. O deportista, que hai sete anos xa se fixo con este título, perdeu a final ante o coreano Kim Woojin. Este é un dos últimos logros do Club Sílex, do que nos falan Manuel Buitrón, presidente, e Alfredo Rubio, secretario.

Cando naceu o club e que percorrido tivo nestes anos?

O club nace no ano 1991 despois dun curso de iniciación impartido pola Federación Galega de Tiro con Arco, sendo o primeiro presidente Vicente López Carballo. Dende entón os membros do club participaron en torneos convocados por outros clubs, nos campionatos galegos e campionatos e grandes premios convocados pola Federación Española. Os éxitos ao longo destes anos foron moitos, tanto individuais como por equipos, declarándonos campións individuais galegos e de España. Por equipos podemos destacar os distintos campionatos obtidos nas convocatorias do Galego de Equipos, tamén se obtivo en máis dunha ocasión resultados máis que meritorios no Campionato de España de Equipos de Club, obtendo en dúas ocasións a clasificación para disputar o Europeo, o cal se tivo que renunciar ao non ter un patrocinio que permitira o desprazamento. A participación dos arqueiros en campionatos internacionais sempre foi baixo a tutela da Federación Española e despois de obter a clasificación individual para participar. Sempre que a Federación Galega participou no campionato de España por autonomías, tanto en sala como ao aire libre, participou un arqueiro do Club Sílex, e incluso nalguna ocasión foron os arqueiros do club quen disputaron en representación de Galicia dito campionato. O palmares é interminable, pero podemos destacar varios nomes por ter acadado o título máis dunha vez: Vicente López, Fernando Vérez, Montse Escudero, Juana París, Adriano Romero, David Romero, Carlos Romero, Diego Pajón, Jacobo Barro, Gema Buitrón, Xaquín Mira, Cristina Castro e máis recentemente, Miguel Alvariño, Daniel Castro ou Pedro Pina.

De que logros se sinten máis orgullosos?

Dos primeiros campionatos de España que lograron os arqueiros in-



fantís. A primeira arqueira (Gema Buitrón) que foi seleccionada pola Federación Española para integrarse no equipo español e que disputaría as primeiras competicións internacionais. Tamén a clasificación para os xogos olímpicos de Río de Miguel Alvariño e a segunda clasificación para as olimpíadas de Tokyo de Daniel Castro. Non podemos esquecer a medalla de ouro nos primeiros xogos europeos da historia gañada por Miguel ou a súa medalla tamén de ouro na Copa do Mundo

Cantos xogadores e de que categorías tedes actualmente?

Neste momento son poucos os deportistas que están a participar nas distintas competicións, tendo arqueiros na categoría sénior, júnior e veterano.

Quizais as figuras máis representativas do club sexan Miguel Alvariño e Dani Castro.

Os dous neste momento son un activo moi valioso que están centrados na súa preparación de cara aos clasificatorios que empezarán neste mes para as competicións internacionais do ano 2023.

Como se presenta a tempada? Que obxectivos hai?

Na tempada que agora empezamos temos postas moitas esperanzas, por un lado as deportivas de que os arqueiros máis activos sigan acadando os máximos triunfos, destacando Miguel e Daniel a nivel internacional; e nun nivel máis próximo, preparando os arqueiros para as competicións galegas e españolas. Tamén esperamos incorporar algún arqueiro ao programa de alto rendemento da Federación Española.

A nivel local estamos retomando o funcionamento da Escola municipal de Tiro con Arco, polo que pouco a pouco iran incorporando arqueiros á disciplina do club.

Outro obxectivo moi importante nesta tempada é a execución das obras polo Concello das Pontes das instalacións de tiro con arco, o que

nos permitiría dar un salto cualitativo importante, o que significaría unhas instalacións permanentes e de uso continuo polo que os arqueiros poderían adestrar case a calquera hora, podendo aproveitar o máximo o seu tempo e as instalacións.

Cales son os proxectos máis inmediatos de futuro?

No deportivo, ampliar e incorporar ao club máis deportistas. En canto as infraestruturas, poñer en marcha o antes posible as novas instalacións, que neste momento están en fase de redacción e licitación do proxecto.

E necesidades?

Primeiro ter unhas instalacións acordes ás necesidades dos arqueiros e despois ter os fondos suficientes que permita aos arqueiros participar en canta competición se convoque e para a cal estean preparados.

Contan con axuda para manter o club activo?

Contamos coa axuda económica e persoal dos socios e deportistas e unha subvención anual do Concello das Pontes.

Ademais da competición programan outra serie de actividades?

Programamos en colaboración cos colexios unha xornada de tiro con arco (Arco na Escola), as cales levamos varios anos que non se puideron celebrar, cousa que esperamos que este ano cambie

Practícase moito nas Pontes?

Por desgraza non se practica moito nas Pontes nin en Galicia, quizais por descoñecemento e por outra banda a necesidade de instalacións axeitadas, cousa que non se dá con moita frecuencia. Todo isto leva a que non teña moito seguimento por parte do público nin por parte dos medios de comunicación ao marxe dos grandes resultados que se obteñan. Por poñer un exemplo, poucas vilas, pobos ou cidades poden dicir que teñen dous ouros olímpicos e os medios de comunicación máis ala da noticia instantánea dese éxito non cobren outras noticias.

Mosteiro quedouse pequeno na terceira xornada de billarda



Mosteiro acolleu a terceira xornada da LNB NorLeste de billarda con triunfo para os Carabullo. Malia que contaban con facelo, os organizadores da cita billardeira non puideron finalmente acceder aos dous campos de fútbol pero si celebraron a sesión no campo adxunto que se quedou pequeno para acoller aos noventa e un palanadores que se deron cita nesta ocasión.

A afluencia de xente obrigou a axeitar só tres pistas e reducir os oito grupos habituais a seis (moito mais numerosos, de quince e dezaseis palanadores cada un deles).

Foron 63 homes, 18 donas e 10 cativos menores de catorce anos os que deportivamente loitaron de igual a igual nun terreo humedecido e coa herba abondo esponxosa, sendo os da Pontenova os que máis palanadores presentaron así como o maior número de cativos (23 maiores e 6 cativos).

Comenzamos con puntualidade prevendo que a xornada se ía alargar, e así foi, mais disfrutaron dun día agradable e soleado onde as novas incorporacións se van afacendo á mecánica do xogo.

Non houbo grandes puntuacións. Cada un dos tres equipos do podio colocou a un dos seus xogadores no mesmo posto individual. Charli e o seu equipo Carabullo foron os gañadores. Sachas e Troitas Bravas segundos e Gundar e Madia Leva terceiros (se ben estes derradeiros empatados a puntos cos Billardeiros Musicais). En donas, Billardeiros Musicais copou o podio con Aroa, Geni e Dori (esta compartindo posto con Juncal de Castiñeiro Milenario).

En infantís, Mateu de Madia Leva vai con paso firme afianzándose no primeiro posto, desta volta escoltárono Alba e Antía, as dúas de Troitas Bravas. Diego, un habitual no podio infantil, non estivo moi acertado.

Vitoria foránea no I Ciclocross das Pontes

O ciclocross fíxose forte nas Pontes coa celebración da primeira proba nesta localidade, na que Felipe Orts (Burgos-BH) foi o campión masculino e Laura Verdonschot a feminina. As probas dos máster deixaron os primeiros triunfadores da xornada, Miguel Porto (Pontearreas) en máster 30, Marco Antonio Prieto (Nesta CC) en 50 mentres que en máster 60 a vitoria foi para Manuel Dorrio (Cambre CC). Na feminina Beatriz Megido (Canyonbikes) sumou outra vitoria en máster 30 e Paula Blanco (Monte Xalo) en 40. Unha hora despois foi a quenda da sempre numerosa manga de máster 40, na que se impuxo Andrés Calvete (Monte Xalo).

N proba feminina na que se repetiu o duelo do Xaxan CX, destacáronse a belga Laura Verdonschot e a asturiana Lucía González (Nesta-MMR) aínda que nesta ocasión terían unha invitada inesperada xa que a italiana Asia Zontone logrou aguantar na cabeza. Por detrás Zontone superou a unha Lucía á que penalizou o esforzo anterior e que se tivo que conformar co bronce.

JÚNIOR E CADETE. Entre as júnior, Uxía Soto (Supermercados Froiz) logrou a vitoria e estivo acompañada polas súas compañeiras de equi-

po Aroa Otero e Marta Estévez.

Na proba masculina Felipe Orts (Burgos-BH) asumiu o seu papel como favorito e desde a primeira curva tomaría a cabeza de carreira para lograr un solvente triunfo. A emoción quedaría na loita polos dous caixóns restantes, na que quedarían na cabeza Kevin Suárez (Nesta-MMR), Lorenzo Masciarelli e Luke Verburg. Pouco antes da última zona de area Verburg demarró e Masciarelli foise á súa roda eliminando da pelexa a Kevin Suárez. Os júnior remataron co triunfo de Fantin Gloux por diante do seu compatriota Hippolyte Loete, mentres que o líder da Copa de España Carlos Gámez (A Torreta) logrou subirse ao terceiro caixón do podio.

Á tarde chegou a quenda da manga final na que saíron xuntos os e as cadetes. Na proba masculina o triunfo levoullo Néstor Frías (Avanza-O Porriño) por diante do dúo do Unicaja Banco-Xixón, Samuel Castiello e Xian Rodríguez. Na carreira das mulleres logrou a vitoria a actual líder da Copa de España Lorena Patiño (XSM-Santomé de Piñeiro), con máis de dous minutos de vantaxe sobre Alejandra Neira (Compostelán CC) e Iris Fernández (Academia Postal-Maceda).

O circuito de kárting acollerá o III Slalom Vila das Pontes

O Automóvil Club As Pontes, organiza o III Slalom Vila de As Pontes trofeo Rovil Studio o día 12 de novembro de 2022, unha proba de carácter nacional, puntuable para o Campionato de Galicia de Slalom.

Poderán participar toda clase de vehículos de turismo, con carrocería pechada ou teito duro, dun mínimo de dúas prazas e que estean homologados, que proveñan de series de fabricación e en posesión da ITV e seguro obrigatorio (SOA).

As solicitudes de inscrición admitiranse ata o domingo 7 de novembro ás 20:00 horas. A relación completa de inscritos, coa adxudicación do número de orde, será aprobada e autorizada polo habilitado da Federación Galega de Automobilismo, despois de comprobar tódalas directrices, para a súa publicación con tres días de antelación ó comezo da proba.

O circuito de asfalto plan redial nacional, estará emprazado no Circuito de Kárting das Pontes. Celebraranse 3 mangas cronometradas, unha manga de adestramentos-recoñecemento, e dúas oficiais. A participación na manga de adestramentos será obrigatoria sen penalizacións. Habrá premios para os 6 primeiros clasificados, que van dende os 320 euros do gañador aos 80 euros do último en puntuar, o que supón un total de 930 euros.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN
Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA
Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES
Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE
Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI
Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COspeito
Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL
Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ
Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA
Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS
Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI
Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL
Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA
Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA
Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE
Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

📞 Teléfonos: www.terrachaxa.com



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



TELÉFONOS DE INTERESE

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

COLABORACIÓNS

Cuestión de números

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Pasou o verán, inicio de curso escolar, empeza o outono, setas e castañas, e cando nos deamos conta, teremos o nadal ás portas. O tempo non para con ninguén e nada o pode deter. Sempre se fala das dificultades das familias con nenos á hora do retorno ás clases. Libros, material e roupa supoñen un gasto importante que cómpre afrontar, con maior ou menor solvencia por parte dos afectados. Pero no que levamos de

ano, segundo os datos oficiais, a inflación vai disparada, xa que ronda o dez por cento, é dicir, que o custe da vida subiu esa porcentaxe, cando habitualmente estaría sete ou oito puntos menos. Evidentemente, os salarios e os beneficios dos autónomos e pequenas empresas non subiron en nivel semellante, senón máis ben todo o contrario, con aumentos mínimos, estancamento ou incluso perdas. Como consecuencia de todo elo, unha merma no poder adquisitivo da xente, isto é, que andamos en xeral moito máis xustos que en anos precedentes.

É a economía, estúpido, un lema este do ano 1992 que axudou a que un candidato a presidente dos

Estados Unidos resultase vencedor. Sen dúbida, os números son os que mandan e aí máis ou menos, todos nosoutros sabemos sumar e restar. Esa é a cuestión. Varios son os factores que inciden nesta situación que estamos a vivir. A invasión de Ucraína trouxo uns efectos nas nosas vidas cotiás; que llelo digan aos gandeiros, quen viron da noite para a mañá como se disparaba o gasto en pensos dunha maneira exponencial. Logo veu o asunto do combustible, que incide negativamente nas granxas, pero tamén noutros moitos sectores produtivos, como o transporte ou a pesca, así como no conxunto da poboación que utiliza o seu vehículo particular con maior

ou menor frecuencia. E por riba de mel filloas, porque o prezo da luz e do gas parece que non ten límites, pero cara arriba. De aí que todo, absolutamente todo, estea máis caro do habitual, desde os bens de primeira necesidade como son os alimentos ata os distintos servizos dos que facemos uso na nosa vida cotiá. Centrándonos no gasóleo e gasolina, botabamos as mans á cabeza cando pasaba do euro ou chegaba ata o euro vinte, pero é que na actualidade roza os dous. O máis gracioso, aínda que non sexa un chiste, é que nos parecerá unha bicoca cando se establece en torno ao euro e setenta céntimos, un importe que vemos nos países alén

dos Pirineos, pero onde os soldos medios son moi superiores aos que temos en Galicia.

Quen detén esta tendencia ou quen ten un mínimo poder para tratar de que polo menos se ralentece un pouco... Unha pregunta esta que non atopa resposta. escoitamos en distintos debates teorías, discursos e propostas duns e doutros, pero que non se concretan na realidade. Estamos camiñando por un carreiro cheo de perigos e as vindeiras xeracións poden pagar moi cara esta desfeita. Por diante, existe un grande desafío. Agardemos que estas circunstancias muden e se albisque un futuro máis esperanzador.

Un pianista romanés na Chaira

DE FOLIADA EN REIGADA



Moncho Paz

Corría o mes de setembro de 1987 cando un afañado pianista romanés, que dicía chamarse Dan Enescu, percorría as rúas de Lugo até chegar aos xardíns do parque Rosalía de Castro, onde o agardaba unha sesión fotográfica coa prensa local. Aquela convocatoria formaba parte dunha "performance" coordinada por Mercedes Iturbe Argüelles, unha muller imaxinativa e emprendedora que dirixía o Centro Cultural de México na capital francesa. Os xornalistas alí presentes amosaban a súa sorpresa pola imaxe estafalaria do personaxe, de poboada barba moura, quedellas ao vento e ataviado cunha longa capa estilo conde Drácula. A súa triste figura lembraba ao "cabaleiro de París"; mais non podía selo, porque Xosé María López Lledín era considerablemente maior e finara dous anos atrás nun hospital da Habana. As persoas que se achegaban por curiosidade ficaban pasmadas coa composición decimonónica da escena, pois o protagonista parecía realmente un viaxeiro do tempo que aterrara na urbe amurallada por algún conxuro ou meiquería. Rematada a sesión de fotos, a comitiva dirixiuse cara á Praza Maior, pois a xornalista mexicana que o acompañaba estaba interesada en parar na librería Souto para mercar varios exemplares de

'O lago de Como', a primeira novela de Ramón Chao, un coñecido locutor da radio pública francesa natural de Reigada que levaba máis de trinta e cinco anos residindo na cidade do Sena.

O pianista romanés semellaba un mudo austero, até que recibiu en man un dos libros adquiridos por Mercedes. De súpeto, citou a Samuel Beckett nun perfecto galego: "O artista que se xoga a súa vida non ten irmáns e é de ningunha parte...". E despois lanzou unha declaración de intencións: "Sintome moi influído pola moral cristiá. Os desexos de ser bo son fortes en min, como o son tamén as grandes facilidades que posúo para ser vil; pero non teño nin a máis mínima idea de utilizar esas posibilidades que acadei na miña neñez". E calou. Tras o anuncio de que marchaban percorrer as comarcas da Terra Chá e da Mariña, disolveuse o grupo e os xornalistas espalláronse para atender o seu quefacer cotián. Mercedes despediuse deles: "Non esquezan buscar nas hemerotecas a nova de cando o señor Enescu deleitou ao público lucense no Círculo de Belas Artes. Foi en 1955, cando obtivo o Premio de Virtuosismo de piano".

Unha hora máis tarde, o pianista romanés e a súa acompañante chegaban a Reigada, onde deron un longo paseo de ida e volta pola avenida principal e logo xantaron en Casa Seijo. Pola tarde tomaron café no bar Roca. Antes de abonar as consumicións, iniciaron conversa con outra parella da mesa contigua.



A mexicana levaba a batuta: "En realidade estou a facer unha reportaxe sobre esta vila, que adquiriu sona internacional por ser un lugar de onde saíron mentes prodixiosas, unhas ilustres e outras ilustradas". O veciño respondeulle axiña: "Por suposto, aquí naceu don Manuel Fraga Iribarne, nesta mesma rúa, e don Antonio María Rouco Varela, na rúa de abaixo". De seguido, a xornalista espetou: "E seica tamén son de aquí os irmáns Chao Rego". No entanto, o pianista romanés amosábase inqueda na cadeira. "Eses? Uns desgraciados... Un deixou o maxisterio da Igrexa, meteuse en política e casou polo civil. E o outro escribiu un libro onde puxo a parir á súa familia e á metade da vila. Como veña por aquí, esnaquízámolo". Tras observar como aquel homiño vociferaba sen motivo aparente, Dan Enescu deu un chimplo e fixo un xesto decidido coa man, en silencio e movendo a capa como

se quixera dicir "imos coa música a outra parte". E pasaron da terraza do Roca á do Fornos, a poucos metros de distancia. Alí tiveron ocasión de repetir a escena, cunha reacción case similar á anterior.

Ao caer o serán pararon na Casa dos Marios, onde cumpriron co guión establecido preguntándolle o mesmo ao encargado do local, un tal Chavito. Este respondeu: "Os irmáns Chao son boa xente, forman parte dunha familia moi apreciada na nosa vila. Vostedes de onde veñen? A face deste señor e os seus xestos lémbrenme a alguén, mais non sabería dicir agora a quen". Foi daquela cando Dan Enescu, con enerxía, arrincouse a barba de socate e soltou unha gargallada berrando: "Son Ramón, home... Ramón Chao". E os dous amigos fundíronse nunha aperta. Eu estaba na casa, preparando a miña crónica para El Progreso, cando soou o teléfono. "Está aquí Chao,

se véis agora preséntocho", díxome o Chavito. E presenteime alí de inmediato. Ramón viñera disfrazado de pianista romanés para pasar desapercibido. "Só me recoñeceu o can da familia, mentres tomaba un café na terraza do Fornos", afirmou con sorna. "Rematei farto de escoitar o mal que falan de min nesta vila", concluíu. Eu estaba impresionado con aquela situación, non me parecía real. Preguntoume que quería estudar e díxenlle: "Xornalismo en Madrid, de feito estou a prepararme para o acceso á Universidade". Desexoume sorte e díxome que acadise a el se precisaba calquera cousa. Pasoume dous teléfonos: o do seu despacho en Radio France Internationale e o da casa de Sèvres. A vida levounos a coincidir moitas veces dende aquela, pero esa é outra historia.

Antes de despedirnos, pregunteille o porqué do título 'O lago de Como' para a novela. "Trátase dunha obra musical, vulgar, que o meu pai, cando eu xa interpretaba a todos os grandes autores, obrigábame a tocar na Fonda Chao ante os seus amigos ou convidados. E era a peza que máis gustaba. Foi a nai do año, porque esta obra e os xamóns que agasallaba o meu pai a torto e dereito fixeron de min o músico que fun até os vinte e catro anos". Despedímonos e regresaron cara a París, onde tiñan un acto como membros do xurado do premio Juan Rulfo. Agás o día que asistiu ao enterramento da súa nai, Ramón non volvería á súa Reigada natal até o 15 de abril de 2011.

Don Juan de la Coba Gómez (I)

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Foi a Manuel María a quen oín falar por primeira vez de Don Juan de la Coba Gómez. Tenme contado moitas cousas deste perito agrimensor de profesión e dos outros oficios e inventos deste peculiar personaxe, que seica naceu en Ourense aló polo ano 1829. O poeta chairego tiña-lle moito aprecio e, debido a súa teima por querer saber mais deste home, o seu amigo Don Manuel Feixóo García, xuíz do Distrito de Ourense, agasallouno coa súa partida de defunción, pola que hoxe sabemos que morreu á unha da tarde do nove de novembro de 1899 no seu domicilio, no número 11 da rúa Pereira.

Manuel María escribiu varios artigos sobre a súa vida e foi quen alimentou o meu interese por saber algo mais deste enxeñoso personaxe que, entre outras moitas cousas, inventou o “trampitán”, un idioma para que non o entenderan os inimigos e que lle serviu como lingua literaria para escribir a maior parte das 82 obras, entre poesía, traxedias, contos e novelas, moitas delas inéditas. O poeta chairego era un apaixonado deste personaxe e recolle nun dos seus artigos este poema da súa obra “La fidelidad”, publicada en Ourense no ano 1897:

Ti tentene al tintantón
tenteban inchensos trules
tal chinifes pe pus antules
al netrepes á maltón.

Que traducida polo propio autor
quere dicir:

Si cesase la ambición
cesaban inmensos males,
las guerras, que son fatales,
la discordia y confusión.

E penso que non lle faltaba razón ao home.

Sen embargo o seu amigo Enrique Labarta Pose, sempre coa súa ironía, non entendía a necesidade de inventar outro idioma, porque pensaba que para incomprendible xa chegaba un:

¿A qué hundirse en el arcano
de ese idioma incognoscible?
¿Para hacerse incomprendible
no le basta el castellano?

Don Juan foi algo de todo: poeta, dramaturgo, escultor, perito agrimensor, secretario da audiencia provincial, inventor... e incluso algúns tomárono por tolo. Quizás a súa faceta menos coñecida sexa a de escultor, pois, que se saiba so fixo un San Bieito que aínda está hoxe ó culto na igrexa de Santa Eufemia, fronte a catedral de San Martín de



Ourense, e un San Roque que lle encargaron uns fregueses e que tivo moita aceptación, pois ao rematar de facer o santo de madeira, deuse conta de que faltaba o can e, a toda presa, esculpiu un can nun nabo moi grande, pintouno adecuadamente coa mesma pintura que a do santo, pero o nabo foise resumindo e o can foise facendo cada vez mais pequeno, polo que as beatas pensaban que era un milagre do santo e tiñanlle moita devoción. A el, sen embargo, seica non lle gustaba que lle falaran desa escultura.

Din que padecía insomnio e pasaba as noites en branco, escribindo e confeccionando o periódico “EL GRACIOSO”, que tiña por subtítulo “Periódico moral, literario y recreativo en prosa y verso”, que el editaba e imprimía nunha pequena imprenta que tiña na casa. No seu encabezamento poñía textualmente: “Propietario, Director y Único Redactor, Don Juan de la Coba Gómez”, e máis abaixo, “uno de los moi pocos primeiros escritores dramáticos de España, autor de muchas obras literarias, de las cuales 40 fueron aprobadas de Real orden y premiado con DIPLOMA DE HONOR como distinguido literato por el Certámen literario Universal de Barcelona”. Ademais, el era o linotipista, tipógrafo e único distribuidor e subscritor do xornal, que so constaba de dúas follas impresas polas dúas caras. Cando amencía, xa co seu xornal impreso, saía da casa para tomar un café con leite e churros. Pechaba a porta da casa con chave e logo metía o xornal por debaixo dela. Marchaba, cumpría con seu rito diario e o regreso, abría a porta, vía o xornal no chan, collíao e exclamaba: ¡Home, o diario, vou ver que noticias trae!, pois tamén el era o único e mellor lector co que contaba. Sentábase no sofá e lía tranquilamente as noticias que escribira e imprimira pola noite.

Non existen fotos del, so o debuxo de Taxes –Xesta– para “Galicia Moderna”, que acompaña este artigo,

no que coloca de fondo un par de pancartas nas que figuran os títulos das obras escritas por el, debuxo que logo Don Juan remitiu nunha carta a Enrique Labarta Pose, na que lle dicía:

“Moi señor meu: Eu son o autor do trampitán, idioma que ninguén foi capaz de aprender e ademais, un dos mellores escritores dramáticos de España, pero teño moitos inimigos, que ben sabe seu primo, atácanme por todas partes, e quixera que vostede os rebatese na súa revista “Galicia humorística”.

Mándolle o meu retrato para que o publique de corpo enteiro e faga tamén o meu panexirico”.

Seguiremos no próximo número deste TERRACHÁXA con outros interesantes inventos e aconteceres deste home tan peculiar, que tiña moitos detractores, pero tamén houbo moitos que o louvaron e quixeron recuperar a súa lenda con agarimo e interese científico.

O coordinador de benestar: a nova figura obrigatoria nos centros educativos

O PUPITRE



Julio Díaz

Fai xa uns anos a Lei Orgánica 2/2006 estableceu a obrigatoriedade de elaborar un Plan de Convivencia para incorporar á Programación Xeral Anual, sendo este un documento no que os centros inclúen actividades encamiñadas a acadar un bo clima nas aulas e buscan solucionar pacificamente os conflitos que poidan xurdir.

A Lei Orgánica 8/2021 de protección integral da infancia e da adolescencia, establece que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade deben ter un coordinador/a de benestar e protección do alumnado.

A figura débese implantar neste curso 2022/2023 pero con flexibilidade, podendo ser mesmo a finais do mesmo, xa que se trata dun proceso gradual.

A Lei recolle que o coordinador/a de benestar será o encargado de promover plans de formación ao persoal dos centros, os alumnos e os pais sobre prevención, detección precoz e protección de nenos/as e adolescentes. Deberá coordinar tamén protocolos eficaces e claros para aqueles casos que requiran a intervención por

parte dos servizos sociais competentes; interceder como referente principal para as comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou no seu entorno; fomentar o respecto cara os alumnos con discapacidade ou outras circunstancias de vulnerabilidade ou diversidade e fomentar unha alimentación saudable e nutritiva.

A min gustárame destacar unha das funcións deste coordinador de benestar nos centros educativos que é a de frear as publicacións de contidos sensibles en internet e promover a comunicación inmediata aos axentes de protección de datos de situacións que poidan implicar un tratamento ilícito de datos de carácter persoal das persoas menores de idade.

A Axencia Española de Protección de Datos dispón dun canal prioritario para comunicar as publicacións non autorizadas en internet de contido sexual ou violento e solicitar a súa retirada das redes de forma urxente. No comezo deste curso escolar, a Axencia publicou un documento que recolle de forma sinxela como deben actuar os centros educativos e como realizar a correspondente denuncia si se detectan este tipo de actuacións. É precisamente aquí onde se converte a figura do coordinador de benestar e protección do alumnado nunha figura clave para denunciar ante dita Axencia a publicación de todo este tipo de contidos.

A proliferación de dispositivos móbiles, entre outros factores, están propiciando a difusión de datos persoais a través das redes sociais, sendo frecuente que a gravación e publicación de contidos sexuais e violentos, converténdose nun dos instrumentos máis utilizados en casos de acoso, tamén no ámbito escolar.

Para rematar, dicir que o sector educativo, polo xeral, recibiu con indiferenza a medida xa que falta claridade á hora de desenvolver a Lei e rexeita a maneira na que se está a trasladar aos centros, sen unha regulación concreta e clarificadora, sen recursos adicionais imprescindibles, e sen o coñecemento das consecuencias que poden carrexar unha incorrecta aplicación das súas funcións e protocolos. O profesorado teme que ao final se converta, outra vez máis, tan só en burocracia, burocracia e máis burocracia.

O RECUNCHO DE CANELINA



DE RUTA EN RUTA

Outeiro de Rei: a beleza paisaxística

Este roteiro percorre as ribeiras do río Miño e fermosos bosques nos que desfrutar da flora e a fauna

En Outeiro de Rei, municipio chairego, o río Miño forma ao seu paso illas fluviais como as de Travanca, do Pazo, Seivane ou San Roque, embelecendo de maneira paulatina a paisaxe.

A beleza paisaxística é un dos principais atractivos deste concello, sen embargo o patrimonio histórico artístico é enorme. Do pasado dan fe abundantes restos arqueolóxicos como os castros. Interesantes son as mostras de arquitectura civil, algunhas da Idade Media como as fortalezas de Outeiro de Rei, Taboi e Sobrada, que foron testigos de non poucos sucesos baixomedievais.

Esta fermosa ruta vai permitir coñecer as ribeiras do río Miño, atravesando zonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño, área natural protexida de gran interese ambiental cunha gran riqueza paisaxística, fermosos bosques e gran variedade de especies vexetais e animais.

O roteiro comeza no núcleo de Outeiro de Rei, desde onde haberá que desprazarse á área recrea-

tiva de Santa Isabel, zona fluvial de gran beleza pegada ao río, rodeada dun gran bosque.

Desde aquí encamiñárase algo cara ao interior por camiños ata chegar ao núcleo de Robra e saír á estrada que levará a outra das zonas de baño e lecer máis coñecidas da contorna: a presa do Piago, onde no verán se xuntan moitas familias para bañarse nas augas do río.

Continúa ata chegar a unha ponte, onde hai dúas opcións para continuar a ruta: a normal que se desvía antes de cruzar a ponte, e a alternativa, máis bonita e menos transitada, que se desvía unha vez cruzado a ponte. Neste texto continuarase por esta última. Así camiñárase agora por un bonito carreiro pegado ao río ata chegar á ponte colgante que conecta coa Insua de Seivane, onde hai un refuxio de pescadores e un fantástico bosque, e que se pode percorrer na súa integridade.

Segue este precioso tramo ata a desembocadura do Narla, onde haberase que desviar pola Ponte do Caneiro, ata chegar á estrada de Ombreiro.

Despois atravesarase a ponte de Ombreiro e seguirase o camiño para acometer a segunda parte da ruta pola outra beira do Miño, tamén moi bonita.

Pasaremos polo límite co parque zoolóxico Marcelle ata saír de novo á altura da presa do Piago, onde conectará co mesmo camiño de ida e que levará aos viandantes de novo á área recreativa de Santa Isabel, onde rematará.



DATOS



5 horas



19 km.



Dificultade fácil



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05